CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 44020 (12/POP-006067)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 7 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da construción, no marco do Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria, do novo Centro de Saúde de Muíños

- 44022 (12/POP-006068)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 7 máis
Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coa construción das novas infraestruturas sanitarias do concello da Rúa

- 44024 (12/POP-006069)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Marnotes Fernández, Argimiro e 7 máis
Sobre a estimación da Consellería de Sanidade en relación coa posta en marcha do novo centro de saúde do Carballiño

- 44026 (12/POP-006070)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Santamaría González, Raúl e 8 máis
Sobre os prazos previstos pola Xunta de Galicia para a construción e posta en servizo do novo Centro de Saúde de Vilagarcía de Arousa

- 44028 (12/POP-006071)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis
Sobre o estado en que están as xestións para a construción do novo centro de saúde para o barrio do Sagrado Corazón en Lugo

- 44030 (12/POP-006072)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 7 máis
Sobre os cambios que está a incorporar a Xunta de Galicia co obxectivo de mellorar o programa galego de cribado neonatal

- 44032 (12/POP-006073)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 7 máis
Sobre o balance do Programa galego de detección precoz do cancro de mama desde a súa posta en marcha hai máis de trinta anos

- 44034 (12/POP-006074)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pérez López, Noelia e 7 máis
Sobre o balance dos resultados da Rede de Polos de Emprendemento e Axuda ao Emprego e a súa acollida entre a poboación galega

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 44036 (12/POP-006075)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pérez López, Noelia e 7 máis
Sobre a natureza do plan de formación para o emprego impulsado pola Xunta de Galicia nos centros de formación profesional, o número de cursos e de centos implicados e a valoración da súa utilidade para o tecido produtivo

- 44039 (12/POP-006076)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pérez López, Noelia e 7 máis
Sobre o balance que fai o Goberno galego do Programa Talento 30 de 1ª experiencia profesional e dos beneficios obtidos na pasada convocatoria

- 44041 (12/POP-006077)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pérez López, Noelia e 7 máis
Sobre o impacto en Galicia, particularmente nas súas políticas activas de emprego, provocado pola decisión do Goberno central de prorrogar os orzamentos xerais do Estado

- 44045 (12/POP-006078)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Gómez Besteiro, José Ramón e 2 máis
Sobre a promoción do uso oficial da lingua galega na Unión Europea

- 44047 (12/POP-006079)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Gómez Besteiro, José Ramón e 2 máis
Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto da quitación da débeda ofrecida polo Goberno central nas negociacións para o financiamento autonómico

- 44049 (12/POP-006080)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Gómez Besteiro, José Ramón e 2 máis
Sobre a postura da Xunta de Galicia ante o financiamento ofrecido polo Goberno central, no marco do novo Plan estatal de vivenda, para a construción de vivendas públicas protexidas e ante o conxunto das propostas estatais nesta materia

- 44051 (12/POP-006081)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Casares Gándara, Juan Manuel e 8 máis
Sobre a posta en marcha da primeira convocatoria de axudas destinadas á conservación da contorna paisaxística e á loita contra a erosión nos viñedos da Ribeira Sacra

- 44056 (12/POP-006082)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Davila, María Cristina e 2 máis

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a rectificación e posterior tramitación da solicitude para que Galicia forme parte, como membro asociado, da Unesco

- 44062 (12/POP-006083)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da reapertura da consulta de enfermaría da covid persistente, como consulta de enfermaría xestora de casos, de Ourense

- 44065 (12/POP-006084)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Baladrón Lamas, Victor Manuel e 9 máis
Sobre a evolución e a finalidade das axudas extraordinarias ao retorno que ofrece a Secretaría Xeral da Emigración

- 44067 (12/POP-006085)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Baladrón Lamas, Victor Manuel e 9 máis
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia das medidas adoptadas en materia social a favor das persoas galegas residentes no exterior

- 44069 (12/POP-006086)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Baladrón Lamas, Victor Manuel e 9 máis
Sobre o balance que fai a Xunta de Glaicia das Bolsas Excelencia Mocidade Exterior convocadas pola Secretaría Xeral da Emigración

- 44071 (12/POP-006087)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Baladrón Lamas, Victor Manuel e 9 máis
Sobre os programas desenvolvidos pola Secretaría Xeral da Emigración para manter os vínculos coa diáspora galega

- 44073 (12/POP-006088)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis
Sobre as iniciativas de apoio da Xunta de Galicia para a mellora da competitividade das pemes galegas

- 44075 (12/POP-006089)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis
Sobre a situación da instalación de puntos de recarga de vehículos eléctricos en Galicia

- 44077 (12/POP-006090)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis
Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia da súa colaboración coas sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras no marco de apoio ás pemes e ás persoas autónomas

- 44079 (12/POP-006091)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis
Sobre o balance xeral da Estratexia de internacionalización da empresa galega 2021-2025

- 44081 (12/POP-006092)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis
Sobre o balance das medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para mellorar a eficiencia enerxética do tecido produtivo galego

- 44083 (12/POP-006093)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia dos proxectos de almacenamento de enerxía a partir de fontes renovables que buscan implantarse en Galicia

- 44085 (12/POP-006094)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis
Sobre o coñecemento por parte da Xunta de Galicia de se o Goberno de España ten a intención de ofrecer algunha solución enerxética aos proxectos industriais estratéxicos de Galicia

- 44087 (12/POP-006095)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis
Sobre se o Goberno do Estado contactou coa Xunta de Galicia en relación con posibles investimentos chineses en proxectos industriais en Galicia

- 44090 (12/POP-006096)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis
Sobre a valoración do Goberno galego da xestión realizada polo Goberno de España dos fondos europeos de recuperación no ámbito da industria

- 44093 (12/POP-006097)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da tramitación dos parques eólicos de Baro e Greco

- 44095 (12/POP-006098)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis
Sobre as características das medidas impulsadas pola Consellería de Economía e Industria para apoiar as empresas afectadas pola vaga de lumes forestais deste verán de 2025

- 44097 (12/POP-006099)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis
Sobre o balance das axudas da Xunta de Galicia destinadas á mellora das infraestruturas dos parques empresariais

- 44100 (12/POP-006100)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
García González, Patricia e 9 máis
Sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para consolidar e reforzar o liderado do sector naval galego

- 44101 (12/POP-006101)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 2 máis
Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia canto á cobertura de prazas de profesorado especialista nos centros educativos de Santiago de Compostela

- 44104 (12/POP-006102)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 3 máis
Sobre as necesidades asistenciais na sanidade primaria do barrio de Conxo, en Santiago de Compostela, e o alcance da reforma que se leva a cabo no seu centro de saúde

- 44106 (12/POP-006103)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 3 máis
Sobre a posible valoración por parte da Xunta de Galicia, dentro da planificación sanitaria de Santiago de Compostela, da construción dun novo centro de saúde en Conxo

- 44108 (12/POP-006104)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 2 máis
Sobre o criterio da Xunta de Galicia ante a posibilidade de incluír unha partida nos orzamentos de 2026 destinada a redactar un proxecto para un novo centro de saúde en Conxo, en Santiago de Compostela

- 44111 (12/POP-006105)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 2 máis
Sobre a data de comezo oficial da execución das obras do Centro de Saúde de Conxo, en Santiago de Compostela

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 44113 (12/POP-006106)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Sanz Arias, Cristina e 8 máis
Sobre o balance da Oficina Económica de Galicia

- 44114 (12/POP-006107)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 2 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe á información á veciñanza verbo do estado de execución das obras de reforma integral do Centro de Saúde de Conxo, en Santiago de Compostela

- 44116 (12/POP-006108)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 2 máis
Sobre a contía da partida orzamentaria que recibe Santiago de Compostela en concepto de capitalidade

- 44118 (12/POP-006109)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 2 máis
Sobre a postura do Goberno galego ante as demandas sociais e institucionais que reclaman aumentar a partida orzamentaria que recibe Santiago de Compostela en concepto de capitalidade

- 44120 (12/POP-006110)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 2 máis
Sobre a postura e as previsións da Xunta de Galicia respecto das demandas de ampliación e mellora das instalacións do CEIP Quiroga Palacio, de Santiago de Compostela

- 44122 (12/POP-006111)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 2 máis
Sobre os motivos polos que a Xunta de Galicia non respondeu no verán ás demandas da comunidade educativa do CEIP Quiroga Palacios, de Santiago de Compostela, no que atinxe á mellora das súas instalacións

- 44124 (12/POP-006112)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 2 máis
Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coa proposta de ampliación do comedor escolar do CEIP Raíña Fabiola, de Santiago de Compostela, formulada pola comunidade educativa do centro

- 44126 (12/POP-006113)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Bouza Manso, Aitor e 2 máis
Sobre a eventual incorporación nos orzamentos de 2026 dunha partida destinada á ampliación do comedor escolar do CEIP Raíña Fabiola, de Santiago de Compostela

- 44128 (12/POP-006114)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 2 máis
Sobre os motivos polos que a Xunta de Galicia non respondeu ás demandas formuladas no inicio do curso 2025-2026 en relación coa ampliación do comedor escolar do CEIP Raíña Fabiola, de Santiago de Compostela

- 44130 (12/POP-006115)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos
Sobre os concellos nos que se realizaron inspeccións en 2025 por parte de Augas de Galicia destinadas ao control de verteduras nos ríos da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2026
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43919
Data envio: 02/01/2026 19:33:53.853



Por José Luis Ferro Iglesias
Asinado o día 02/01/2 19:25 Por Paula Prado del F

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Roberto Rodríguez Martínez, José Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Carmen María Pomar Tojo, Julio García Comesaña, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, Argimiro Marnotes Fernández, Rubén Lorenzo Gómez, Moisés Rodríguez Pérez, Gonzalo Trenor López, Katherinie Varela Fernández, Paula Mouzo Mas, Miguel Fidalgo Iglesias, e María Felisa Rodríguez Carrera** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno** polo **trámite de urxencia.**

**Xustificación da urxencia**

*A urxencia vén motivada pola importancia de rectificar unha nova suba das peaxes nas autoestradas de titularidade estatal en Galicia que impactan negativamente na economía das familias e na competitividade das empresas galegas*

Por Julio García Comesaña
Asinado o día 02/01/2026 ás 19:24 Por Roberto Rodríguez Martínez

**Exposición de Motivos:**

O Goberno de España, presidido polo socialista Pedro Sánchez, segue impoñendo que as galegas e galegos paguen as autoestradas máis caras de España, un agravio que se consolida tras confirmarse que, co inicio do 2026, volven incrementarse as peaxes estatais e, no caso da AP-9, cunha suba que se achega ao o 5% (4,68%).

Circular pola principal arteria de comunicación do nordeste galego, a autoestrada do Atlántico, é xa máis caro, ata o punto de que viaxar entre Ferrol a Tui chega ata os 28,10 euros e treitos como os que unen Pontevedra e Vigo dispararanse ata os 5,05 euros.

A coalición de Goberno entre PSOE e Sumar, coa complicidade dos seus socios de investidura como o BNG, non poden seguir condenando aos galegos a pagar unhas tarifas inxustas mentres libera as peaxes noutros territorios.

O encarecemento progresivo da AP-9 e da AP-53, amparado polo Goberno de España, lastra a economía das familias e a competitividade das empresas que fan uso desta vía que vertebra a comunidade galega.

Debe rematar este evidente agravio a Galicia, e como medida máis inmediata o Goberno de España pode reverter esta suba de peaxes e tomar exemplo do proceder da Xunta de Galicia que, nunha decisión política acertada, sensible e social, mantén as bonificacións e conxela as peaxes das autoestradas autonómicas para o ano 2026.

Asinado o día 02/01/2026 ás 19:24 Por Alberto Pazos Couñago
CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43919
Data envio: 02/01/2026 19:33:53.853



A todo isto hai que engadir a negativa do Executivo estatal a acometer o rescate da concesión da AP-9 e a liberalización das súas paxes, ou a persistencia do bloqueo no Congreso á transferencia a Galicia da AP-9 nun evidente desprezo do acordo unánime acadado no Parlamento galego.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno.

> “O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España:
>
> 1.- Que non permita e reverta unha nova suba das peaxes das autoestradas AP-9 e AP-53, seguindo o exemplo do acordado polo Goberno galego en relación coa conxelación das peaxes nas estradas autonómicas, e evitar así un novo impacto negativo nas economías familiares, nas empresas e nos sectores económicos estratéxicos de Galicia.
>
> 2.- Que adopte cantas medidas sexan precisas para conseguir no prazo máis breve posible unha AP-9 galega e libre de peaxes, e facilite a aprobación definitiva da Lei de transferencia a Galicia desta autoestrada, que na actualidade os grupos políticos da coalición de goberno e os seus socios manteñen bloqueada no Congreso”

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 02/01/2026 19:24:27**
**Roberto Rodríguez Martínez na data 02/01/2026 19:24:43**
**Paula Prado del Rio na data 02/01/2026 19:25:00**
**Carmen Pomar Tojo na data 02/01/2026 19:25:14**
**Julio García Comesaña na data 02/01/2026 19:25:30**
**José Luis Ferro Iglesias na data 02/01/2026 19:25:42**
**Cristina Campero Dorado na data 02/01/2026 19:25:56**
**Argimiro Marnotes Fernández na data 02/01/2026 19:26:07**
**Rubén Lorenzo Gómez na data 02/01/2026 19:26:17**
**Moisés Rodríguez Pérez na data 02/01/2026 19:26:33**
**Gonzalo Trenor López na data 02/01/2026 19:26:41**
**Katherinie Varela Fernández na data 02/01/2026 19:26:49**
**Miguel Fidalgo Iglesias na data 02/01/2026 19:27:48**
**María Felisa Rodriguez Carrera na data 02/01/2026 19:27:58**
**Paula Mouzo Mas na data 02/01/2026 19:29:38**

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43919
Data envio: 02/01/2026 19:33:53.853

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 19:33:57**

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43878
Data envío: 02/01/2026 17:49:37.044

PSG PSOE Parlamento de Galicia
Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 02/01/2 17:39 Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **Aitor Bouza Manso** e **Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A realidade do mercado do alugueiro en Galicia amosa unha grande fragmentación e escaseza de oferta accesible, o que xera prezos elevados e precariedade residencial. Ao mesmo tempo, existen milleiros de vivendas baleiras que permanecen fóra do mercado por falta de garantías, seguridade xurídica ou incentivos adecuados para os seus propietarios e propietarias.

Asinado o día 02/01/2026 ás 17:39 Por Carlos López Font

Outras comunidades autónomas xa teñen posto en marcha experiencias exitosas de intermediación pública, mediante bancos de aluguer que conectan propietarios e propietarias e inquilinas e inquilinos baixo a tutela da administración. Estes mecanismos permiten mobilizar vivendas baleiras, asegurar prezos razoables e ofrecer garantías tanto a persoas propietarias como a arrendatarios e arrendatarios, cun claro beneficio social.

Galicia precisa un Banco Público de Aluguer, que actúe como instrumento para incrementar a oferta de vivenda en alugueiro a prezos asumibles, fomentar a confianza das persoas propietarias e garantir dereitos para quen precisa acceder a unha vivenda digna.

Asinado o día 02/01/2026 ás 17:39 Por Aitor Bouza Manso

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Crear no primeiro semestre do presente ano un Banco Público de Aluguer de Galicia, xestionado pola Administración autonómica como mediadora e no que se:

a) Estableza un sistema de garantías públicas para as persoas propietarias que cedan as súas vivendas a este banco, cubrindo posibles non pagamentos e danos.
b) Fixe que os prezos do alugueiro no marco deste banco sexan sempre asequibles, nunca superiores ao 30 % da renda media dispoñible das familias.
c) Subscriban contratos de aluguer de longa duración polas vivendas que se incorporen a este banco.
d) Poñan en marcha campañas de información para fomentar que as persoas propietarias de vivendas baleiras se incorporen ao programa.

Santiago de Compostela, a 2 de xaneiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43878
Data envio: 02/01/2026 17:49:37.044

Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 02/01/2026 17:39:10

Carlos López Font na data 02/01/2026 17:39:16

José Ramón Gómez Besteiro na data 02/01/2026 17:39:24

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43878
Data envío: 02/01/2026 17:49:37.044

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 17:49:37**

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

Un dos ámbitos máis sensibles do sistema educativo é o da atención á diversidade, que require profesionais especializados e recursos suficientes para garantir que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo reciba unha atención adecuada. A realidade actual amosa que moitos centros educativos galegos contan con ratios excesivas e con persoal de Pedagoxía Terapéutica (PT), Audición e Linguaxe (AL) e coidadores/as claramente insuficiente para atender as necesidades existentes.

A falta de reforzos en atención á diversidade está a provocar que o alumnado con necesidades especiais non reciba o tempo nin o apoio individualizado que precisa, o que vulnera o principio de equidade educativa e compromete a súa inclusión real no sistema. Esta situación afecta tamén á organización interna dos

Asinado o día 02/01/2
17:39
Por José Ramón Gón
Asinado o día 02/01/2026 ás
17:39
Por Silvia Longueira Castro
Asinado o día 02/01/2026 ás
17:39
Por Aitor Bouza Manso
CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

centros, que deben redistribuír recursos humanos limitados para dar resposta a unha demanda crecente, e repercute directamente na calidade educativa.

A atención á diversidade non pode ser considerada un complemento, senón un piar esencial da educación pública galega. A Consellería de Educación debe planificar e dotar os centros do persoal necesario en función das necesidades reais e non mediante criterios exclusivamente orzamentarios, garantindo que todos os colexios e institutos dispoñan de profesorado de PT e AL suficiente, así como de coidadores e coidadoras que permitan ofrecer unha atención digna, segura e adaptada ao alumnado con necesidades específicas.

Por todo o exposto, considérase imprescindible que o Goberno galego reforce de inmediato os cadros de persoal de apoio á inclusión educativa, atendendo á realidade de cada centro e ás demandas dos equipos directivos, das ANPA e da comunidade educativa en xeral.

Por iso, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a realizar unha avaliación urxente da dotación actual de profesorado de Pedagoxía Terapéutica (PT), Audición e Linguaxe (AL) e coidadores/as nos centros educativos públicos galegos, identificando as carencias existentes e establecendo un plan de reforzo inmediato.

Santiago de Compostela, a 2 de xaneiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43881
Data envio: 02/01/2026 17:55:10.760

Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 02/01/2026 17:39:35

Silvia Longueira Castro na data 02/01/2026 17:39:41

José Ramón Gómez Besteiro na data 02/01/2026 17:39:49

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 17:55:11**

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 10:05:19
Nº Rexistro: 44053
Data envio: 05/01/2026 10:05:19.855

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 05/01/2 10:03
Por Iria Taibo Corsan

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Cristina Fernández Davila, Iria Taibo Corsanego e Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a decisión do Goberno da Xunta de Galiza de quedar fóra da UNESCO.

Asinado o día 05/01/2026 ás 10:02
Por Mercedes Queixas Zas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este mesmo mes o Goberno do Estado anunciaba a integración de Catalunya e Euskadi como membros asociados da UNESCO e da OMT (Organización Mundial do Turismo), organismos dependentes de Nacións Unidas.

Non sucedía así con Galiza, por non ter solicitado o Goberno autonómico a súa entrada nos dous organismos internacionais, alegando problemas máis importantes que o Estado debe solucionar e sentirse representados por España.

Esta decisión da Xunta de Galiza terá numerosas repercusións negativas para o país, xa que ter voz propia na UNESCO outorga:

- unha visibilidade e presenza internacional á Galiza como entidade de seu, podendo participar na toma de decisións sobre educación, ciencia, cultura e patrimonio;

- poder realizar acordos e convenios con entidades doutros Estados en materia cultural ou oportunidades de financiamentos para proxectos; e

- someter proposicións ao Consello Executivo e colaborar nos traballos dos seus comités.

Asinado o día 05/01/2026 ás 10:02
Por Cristina Fernández Davila

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 10:05:19
Nº Rexistro: 44053
Data envio: 05/01/2026 10:05:19.855

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No seu día modificouse o Artigo II da Constitución da UNESCO para permitir a admisión en calidade de Membros Asociados da organización aos territorios ou grupo de territorios que non teñan competencias en política exterior. Hai unha ducia de territorios ou países como as Illas Feroe (Dinamarca), Illas Aland (Finlandia), Nova Caledonia (Francia), Curaçao (Países Baixos) ou Tokelau (Nova Zelanda). Iso permite agora novas incorporacións como Catalunya e Euskadi e a decisión do Goberno Galego deixa fóra Galiza.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a rectificar a decisión tomada e, tendo en conta a Estratexia Galega de Acción Exterior (Egaex) 2025-29, tramitar a solicitude para que Galiza forme parte, como membro asociado, da UNESCO."

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 10:05:19
Nº Rexistro: 44053
Data envio: 05/01/2026 10:05:19.855

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 05/01/2026 10:02:51
Mercedes Queixas Zas na data 05/01/2026 10:02:59
Iria Taibo Corsanego na data 05/01/2026 10:03:13
Ana Pontón Mondelo na data 05/01/2026 10:03:19

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/01/2026 10:05:20**

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 10:17:08
Nº Rexistro: 44060
Data envío: 05/01/2026 10:17:08.850



Asinado o día 05/01/2
10:12
Por Silvia Longueira C

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **María Elena Espinosa Mangana, Carmen Rodríguez Dacosta** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao longo do ano 2025, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia reivindicou que se reabrise a unidade multidisciplinar de atención a pacientes con Covid persistente que existía no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHOU), e con anterioridade a que non se pechase.

Asinado o día 05/01/2026 ás
10:12
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Porque, co peche desta unidade, a Xunta de Galicia deixou sen atención aos pacientes que sofren Covid persistente, en lugar de garantirlles unha atención sanitaria digna, coordinada e continua.

As persoas que padeceron Covid en Ourense, poden estar ao redor das 100.000. Datos que non podemos asegurar, pero se os datos a nivel de Galicia, que, segundo as últimas informacións foron de 762.301 o número de casos de Covid rexistrados. E aínda que un porcentaxe alto se curou, hai outras persoas que agora teñen unha nova afección, que aínda que teñen varias denominacións, as máis frecuentes son o Covid persistente ou “covid prolongado”.

Asinado o día 05/01/2026 ás
10:12
Por Elena Espinosa Mangana

A porcentaxe de persoas que poden desenvolver o covid persistente, varia segundo estudos e zonas, métodos e tempo de seguimento.

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por exemplo un estudo realizado por ISGlobal en España, observou que aproximadamente o 23 % das persoas infectadas desenvolveron un Covid persistente, con síntomas que en moitos casos duraron ata dous anos, pero outras se prolongan moito máis.

Segundo a OCDE, estímase entre o 5 % e o 10 % da poboación (xeral) pode pasar por Covid persistente nalgún momento tras a infección por SARS-CoV-2.
Polo que non estamos ante un número de persoas insignificantes que poida estar a padecer esta enfermidade.

Ademais sabemos que o Covid persistente é unha enfermidade emerxente, e de momento, transcorreu relativamente pouco tempo para poder avanzar con respecto ao mecanismo que o desencadea.

Pero o que está claro, é que as persoas que o padecen se ven afectadas en todos os sistemas orgánicos, incluído o sistema cardiovascular, o nervioso, o endócrino, o inmunolóxico, o reprodutivo e o gastrointestinal. Motivo polo que eran atendidas na unidade multidisciplinar do CHOU.

Pero a unidade do CHOU foi desmantelada progresivamente, ata o seu peche total e foi a última en pechar de todas as que existían en Galicia. E máis, permaneceu o servizo de enfermería de referencia ata hai uns días, pero tamen pechou definitivamente.

Pero esta Unidade de Enfermaría para Covid persistente de Ourense, era máis que unha consulta de enfermería ao uso, era o que se coñece como unha consulta de enfermería xestora de casos e que seguía achegando un modelo asistencial con enfermeiras especializadas que actuaban como referentes e coordinadoras da atención aos pacientes con enfermidades complexas, como ocorre co covid persistente.

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 10:17:08
Nº Rexistro: 44060
Data envio: 05/01/2026 10:17:08.850

Grupo
Parlamentario
Socialista

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a reabrir a consulta de enfermería de covid persistente, como consulta de enfermería xestora, de Ourense, para atender ás persoas afectadas, tal e como sucede con outras enfermidades crónicas.

Santiago de Compostela, a 5 de xaneiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
28071 Madrid



@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 10:17:08
Nº Rexistro: 44060
Data envio: 05/01/2026 10:17:08.850

**Asinado dixitalmente por:**

**Elena Espinosa Mangana na data 05/01/2026 10:12:18**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 05/01/2026 10:12:25**

**Silvia Longueira Castro na data 05/01/2026 10:12:35**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 05/01/2026 10:12:42**

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 10:17:08
Nº Rexistro: 44060
Data envio: 05/01/2026 10:17:08.850

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/01/2026 10:17:09

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2026 10:30:52
Nº Rexistro: 44159
Data envío: 07/01/2026 10:30:52.974

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada e do deputado **Iria Taibo Corsanego** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o ataque á República Bolivariana de Venezuela por parte dos Estados Unidos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ataque dos Estados Unidos contra Venezuela que tivo lugar na noite de 2 a 3 de xaneiro viola a soberanía dese País e vulnera os máis elementais principios do dereito internacional. Ademais, o secuestro do presidente da República Bolivariana de Venezuela, Nicolás Maduro, leva a límites inusitados a violación do dereito internacional e resulta extremadamente perigoso e inaceptábel.

A comunidade internacional debe pronunciarse claramente en defensa da legalidade internacional e da soberanía do pobo venezolano, rexeitando calquera acción violenta contra a República Bolivariana de Venezuela. Alén disto, o goberno galego debe e activar todos os mecanismos diplomáticos e todos os resortes nos organismos internacionais de que fai parte para contribuír a restablecer a plena soberanía da Venezuela.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno:



Asinado o día 07/01/2 10:29
Por Ana Pontón Monc
Asinado o día 07/01/2026 ás 10:29
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Asinado o día 07/01/2026 ás 10:28
Por Iria Taibo Corsanego
CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
156738

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2026 10:30:52
Nº Rexistro: 44159
Data envío: 07/01/2026 10:30:52.974

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1.- Mostrar o seu apoio aos principios fundamentais do Dereito Internacional.

2.- Manifestar todo o apoio e solidariedade á loita do pobo venezolano en defensa da súa patria e ao seu dereito a construír o seu propio camiño en paz e liberdade sen inxerencias externas, a prol da soberanía, a independencia e a paz.

3.- Pronunciarse contra o ataque á República Bolivariana de Venezuela producido na noite do 2 ao 3 de xaneiro.

4.- Rexeitar o secuestro do presidente venezolano, Nicolás Maduro, por parte dos Estados Unidos.

5.- Esixir o restablecemento da legalidade internacional.

6.- Pór en marcha todas as accións precisas para ofrecer apoio e protección á poboación galega residente en Venezuela."

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2026 10:30:52
Nº Rexistro: 44159
Data envio: 07/01/2026 10:30:52.974

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Taibo Corsanego na data 07/01/2026 10:28:49**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 07/01/2026 10:29:01**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/01/2026 10:29:20**

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2026 10:30:52
Nº Rexistro: 44159
Data envio: 07/01/2026 10:30:52.974

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/01/2026 10:30:53

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44367
Data envio: 07/01/2026 17:40:07.512

Asinado o día 07/01/2
17:39
Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Paloma Castro Rey** e **Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O mexillón galego é un produto emblemático da nosa economía mariña, recoñecido pola súa calidade, pola sustentabilidade do seu modelo produtivo e polo seu peso social e económico nas rías galegas. Galicia é líder europeo na produción de mexillón e concentra a práctica totalidade do cultivo existente no Estado español.

Asinado o día 07/01/2026 ás
17:38
Por Carlos López Font

Porén, nos últimos anos, e de maneira especialmente significativa durante 2025, o sector mexilloeiro galego viuse gravemente afectado por unha conxunción de factores adversos. Aos peches prolongados das bateas por presenza de biotoxinas mariñas e aos problemas estruturais de falta de crecemento do mexillón, sumouse un incremento notable da presenza de mexillón importado no mercado galego e estatal, procedente fundamentalmente de países extracomunitarios.

Asinado o día 07/01/2026 ás
17:38
Por Paloma Castro Rey

O sector denuncia que esta entrada masiva de mexillón de fóra prodúcese, en moitos casos, aproveitando os períodos nos que a produción galega non pode comercializarse, ben por razóns sanitarias ou por non acadar tamaño comercial suficiente. Unha vez asentado no mercado, o mexillón importado mantense mesmo cando se reabre a extracción nas rías galegas, dificultando a recuperación do espazo comercial do produto propio e presionando os prezos á baixa.

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44367
Data envio: 07/01/2026 17:40:07.512

Esta situación vese agravada pola falta de información clara e transparente sobre a orixe do mexillón que chega ás persoas consumidoras, especialmente na hostalaría, na restauración colectiva e nalgúns formatos de venda. Aínda que o etiquetado cumpra formalmente a normativa vixente, resulta insuficiente para garantir que a cidadanía poida identificar con claridade se está a consumir mexillón galego ou produto importado.

O resultado é unha competencia en condicións desiguais, que penaliza un sector sometido a esixentes controis sanitarios, a maiores custos produtivos e aos efectos crecentes do cambio climático, ao tempo que se pon en risco o prestixio e a viabilidade do mexillón galego.

As organizacións representativas do sector, e nomeadamente OPMEGA, reclaman unha actuación máis decidida da Xunta de Galicia na defensa do produto propio, no control da información ao consumidor e na análise do impacto real das importacións sobre os prezos e a rendibilidade do sector.

Por todo o anterior, resulta necesario que o Goberno galego asuma un papel activo na protección do mexillón galego, garantindo a transparencia no mercado e adoptando medidas coherentes coa importancia estratéxica desta actividade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Analizar e facer público o impacto real do incremento do consumo de mexillón importado no mercado galego e estatal sobre os prezos, a rendibilidade e a continuidade das explotacións mexilloeiras galegas, especialmente nos períodos posteriores aos peches por biotoxinas.

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44367
Data envio: 07/01/2026 17:40:07.512

2. Reforzar os controis e a vixilancia da información sobre a orixe do mexillón, garantindo unha identificación clara, visible e comprensible para as persoas consumidoras, tanto na venda minorista como na hostalaría e na restauración colectiva.
3. Impulsar campañas públicas de información e sensibilización, orientadas a poñer en valor o mexillón galego, a súa calidade, sustentabilidade e impacto social, diferenciándoo claramente do produto importado.
4. Priorizar o consumo de mexillón galego nas compras públicas, nomeadamente en comedores escolares, centros sanitarios e sociais dependentes da Administración autonómica, sempre dentro do marco legal vixente.
5. Defender ante o Goberno do Estado e a Unión Europea a necesidade de garantir condicións de competencia xustas para o sector mexilloeiro galego, avaliando os efectos das importacións de terceiros países e promovendo medidas que eviten prácticas que prexudiquen á produción propia.
6. Manter un diálogo permanente coas organizacións representativas do sector, e en particular con OPMEGA, para avaliar a evolución do mercado e adaptar as políticas públicas á realidade cambiante do sector mexilloeiro.

Santiago de Compostela, a 7 de xaneiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44367
Data envío: 07/01/2026 17:40:07.512

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 07/01/2026 17:38:52

Carlos López Font na data 07/01/2026 17:38:58

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/01/2026 17:39:04

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44367
Data envio: 07/01/2026 17:40:07.512

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/01/2026 17:40:08**

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44377
Data envio: 07/01/2026 18:03:34.831

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 07/01/2
18:01
Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Paloma Castro Rey** e **Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O cultivo do mexillón constitúe un dos piares fundamentais da economía mariña de Galicia, cun impacto decisivo no emprego, na cohesión social das zonas costeiras e na proxección internacional do noso sector acuícola.

Asinado o día 07/01/2026 ás
18:01
Por Carlos López Font

Galicia é líder europeo e referente mundial na produción de mexillón, grazas a un modelo produtivo sostible que se desenvolve principalmente nas rías galegas a través das bateas.

Porén, o ano 2025 supuxo un ano especialmente negativo para o sector mexilloeiro galego, acumulando dificultades que veñen repetíndose nos últimos exercicios e que poñen en risco a viabilidade económica de centos de explotacións e o futuro dunha actividade estratéxica para o país.

En primeiro lugar, a persistencia e frecuencia dos episodios de biotoxinas mariñas, nomeadamente as toxinas lipofílicas, provocou durante longos períodos o peche masivo de polígonos de bateas, chegando a afectar á práctica totalidade das rías galegas en determinados momentos de 2025. Estes peches, alleos á vontade dos produtores, impediron a extracción de mexillón en períodos clave, xerando importantes perdas económicas, problemas de abastecemento e unha gran incerteza no sector.

Asinado o día 07/01/2026 ás
18:01
Por Paloma Castro Rey

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Mais xunto a este problema sanitario, o sector vén alertando con crecente preocupación doutro fenómeno estrutural: a falta de crecemento do mexillón.

Numerosos produtores e estudos científicos sinalan que o mexillón tarda máis tempo en acadar tamaño comercial, presenta calibres máis pequenos e ofrece un rendemento inferior, mesmo en ausencia de toxinas.

A combinación destes dous factores —toxinas persistentes e falta de crecemento— está a provocar unha perda progresiva de rendibilidade, un aumento dos custos de produción e unha enorme dificultade para planificar campañas extractivas e comerciais, afectando non só aos bateeiros, senón a toda a cadea de valor vinculada ao mexillón.

As organizacións representativas do sector, e en particular a Organización de Produtores de Mexillón de Galicia (OPMEGA), veñen reclamando desde hai tempo un maior compromiso da Xunta de Galicia, tanto no recoñecemento da gravidade da situación como na posta en marcha de medidas concretas, adaptadas á realidade específica da mitilicultura galega. Porén, a resposta do Goberno galego resulta insuficiente, excesivamente centrada en actuacións puntuais e sen unha estratexia integral que afronte os retos estruturais do sector.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Recoñecer oficialmente a situación de especial dificultade atravesada polo sector do mexillón no ano 2025, tanto polos peches derivados das biotoxinas como polos problemas estruturais de falta de crecemento, e a considerala unha cuestión estratéxica para a economía galega.

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2. Impulsar un plan específico de investigación científica, en colaboración coas universidades e centros de investigación públicos, orientado a:
- Analizar as causas da diminución do crecemento do mexillón.
- Avaliar os cambios ambientais nas rías galegas, nomeadamente no afloramento, na dispoñibilidade de nutrientes e na composición do fitoplancto.
- Estudar a capacidade de carga das rías e a evolución da semente de mexillón.

3. Reforzar e adaptar as liñas de axuda económica ao sector mexilloeiro, de maneira que teñan en conta non só os peches por toxinas, senón tamén as perdas derivadas da falta de crecemento e do aumento dos ciclos produtivos, garantindo que estas axudas sexan áxiles, suficientes e accesibles.
4. Defender ante o Goberno do Estado e as institucións europeas a necesidade de medidas específicas para a mitilicultura galega no marco dos fondos europeos, co obxectivo de apoiar a adaptación ao cambio climático, a innovación produtiva e a sustentabilidade do sector.
5. Establecer un diálogo permanente coas organizacións representativas do sector, e en particular con OPMEGA, para deseñar e avaliar as políticas públicas relacionadas co cultivo do mexillón, asegurando que as decisións da Xunta respondan ás necesidades reais dos produtores.
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.- Ten previsto o goberno galego pronunciarse publicamente en relación con este ataque á soberanía da República Bolivariana de Venezuela e contra a legalidade internacional?

3.- Ten previsto o goberno galego levar a cabo algunha actuación diplomática encamiñada a contribuír a restablecer a soberanía de Venezuela?

4.- Que accións vai levar a cabo o goberno galego para apoiar e protexer a poboación galega residente en Venezuela?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2026 10:32:30
Nº Rexistro: 44164
Data envío: 07/01/2026 10:32:30.347

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Taibo Corsanego na data 07/01/2026 10:30:24**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 07/01/2026 10:30:35**

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2026 10:32:30
Nº Rexistro: 44164
Data envio: 07/01/2026 10:32:30.347

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/01/2026 10:32:31**

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44369
Data envio: 07/01/2026 17:40:49.833

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paloma Castro Rey** e **Carlos López Font**, deputada e deputado pertencentes ao Grupo **Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O mexillón galego é un produto emblemático da nosa economía mariña, recoñecido pola súa calidade, pola sustentabilidade do seu modelo produtivo e polo seu peso social e económico nas rías galegas. Galicia é líder europeo na produción de mexillón e concentra a práctica totalidade do cultivo existente no Estado español.

Porén, nos últimos anos, e de maneira especialmente significativa durante 2025, o sector mexilloeiro galego viuse gravemente afectado por unha conxunción de factores adversos. Aos peches prolongados das bateas por presenza de biotoxinas mariñas e aos problemas estruturais de falta de crecemento do mexillón, sumouse un incremento notable da presenza de mexillón importado no mercado galego e estatal, procedente fundamentalmente de países extracomunitarios.

O sector denuncia que esta entrada masiva de mexillón de fóra prodúcese, en moitos casos, aproveitando os períodos nos que a produción galega non pode comercializarse, ben por razóns sanitarias ou por non acadar tamaño comercial suficiente. Unha vez asentado no mercado, o mexillón importado mantense mesmo cando se reabre a extracción nas rías galegas, dificultando a recuperación do espazo comercial do produto propio e presionando os prezos á baixa.

Esta situación vese agravada pola falta de información clara e transparente sobre a orixe do mexillón que chega ás persoas consumidoras, especialmente na hostalaría, na restauración colectiva e nalgúns formatos de venda. Aínda

Asinado o día 07/01/2026 ás 17:38
Por Carlos López Font

Asinado o día 07/01/2026 ás 17:38
Por Paloma Castro Rey

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que o etiquetado cumpra formalmente a normativa vixente, resulta insuficiente para garantir que a cidadanía poida identificar con claridade se está a consumir mexillón galego ou produto importado.

O resultado é unha competencia en condicións desiguais, que penaliza un sector sometido a esixentes controis sanitarios, a maiores custos produtivos e aos efectos crecentes do cambio climático, ao tempo que se pon en risco o prestixio e a viabilidade do mexillón galego.

As organizacións representativas do sector, e nomeadamente OPMEGA, reclaman unha actuación máis decidida da Xunta de Galicia na defensa do produto propio, no control da información ao consumidor e na análise do impacto real das importacións sobre os prezos e a rendibilidade do sector.

Por todo o anterior, resulta necesario que o Goberno galego asuma un papel activo na protección do mexillón galego, garantindo a transparencia no mercado e adoptando medidas coherentes coa importancia estratéxica desta actividade.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Ten a Xunta de Galicia avaliado o impacto que o incremento do consumo de mexillón importado, especialmente de terceiros países, está a ter sobre os prezos en primeira venda, a rendibilidade das bateas e a recuperación do mercado do mexillón galego tras os peches por biotoxinas?

2. Considera a Xunta de Galicia que a información que recibe actualmente a cidadanía sobre a orixe do mexillón que se consume en Galicia é

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44369
Data envio: 07/01/2026 17:40:49.833

suficiente e clara, especialmente na hostalaría e na restauración colectiva?

3. Que medidas concretas pensa adoptar para garantir a transparencia e evitar a confusión sobre a procedencia do produto?

4. Que actuacións está a levar a cabo a Xunta de Galicia para defender activamente o mexillón galego fronte á substitución por produto importado nos períodos nos que a produción propia se ve limitada por toxinas ou pola falta de crecemento, e por que non se están priorizando de forma efectiva os produtos galegos nas compras públicas?

Santiago de Compostela, a 7 de xaneiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44369
Data envio: 07/01/2026 17:40:49.833

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 07/01/2026 17:38:13**

**Carlos López Font na data 07/01/2026 17:38:19**

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44369
Data envio: 07/01/2026 17:40:49.833

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/01/2026 17:40:50**

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44379
Data envio: 07/01/2026 18:04:15.647



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paloma Castro Rey** e **Carlos López Font**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O cultivo do mexillón constitúe un dos piares fundamentais da economía mariña de Galicia, cun impacto decisivo no emprego, na cohesión social das zonas costeiras e na proxección internacional do noso sector acuícola.

Galicia é líder europeo e referente mundial na produción de mexillón, grazas a un modelo produtivo sostible que se desenvolve principalmente nas rías galegas a través das bateas.

Porén, o ano 2025 supuxo un ano especialmente negativo para o sector mexilloeiro galego, acumulando dificultades que veñen repetíndose nos últimos exercicios e que poñen en risco a viabilidade económica de centos de explotacións e o futuro dunha actividade estratéxica para o país.

En primeiro lugar, a persistencia e frecuencia dos episodios de biotoxinas mariñas, nomeadamente as toxinas lipofílicas, provocou durante longos períodos o peche masivo de polígonos de bateas, chegando a afectar á práctica totalidade das rías galegas en determinados momentos de 2025. Estes peches, alleos á vontade dos produtores, impediron a extracción de mexillón en períodos clave, xerando importantes perdas económicas, problemas de abastecemento e unha gran incerteza no sector.
Mais xunto a este problema sanitario, o sector vén alertando con crecente preocupación doutro fenómeno estrutural: a falta de crecemento do mexillón.

Asinado o día 07/01/2026 ás 18:00
Por Carlos López Font

Asinado o día 07/01/2026 ás 18:00
Por Paloma Castro Rey

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44379
Data envio: 07/01/2026 18:04:15.647



Numerosos produtores e estudos científicos sinalan que o mexillón tarda máis tempo en acadar tamaño comercial, presenta calibres máis pequenos e ofrece un rendemento inferior, mesmo en ausencia de toxinas.

A combinación destes dous factores —toxinas persistentes e falta de crecemento— está a provocar unha perda progresiva de rendibilidade, un aumento dos custos de produción e unha enorme dificultade para planificar campañas extractivas e comerciais, afectando non só aos bateeiros, senón a toda a cadea de valor vinculada ao mexillón.

As organizacións representativas do sector, e en particular a Organización de Produtores de Mexillón de Galicia (OPMEGA), veñen reclamando desde hai tempo un maior compromiso da Xunta de Galicia, tanto no recoñecemento da gravidade da situación como na posta en marcha de medidas concretas, adaptadas á realidade específica da mitilicultura galega. Porén, a resposta do Goberno galego resulta insuficiente, excesivamente centrada en actuacións puntuais e sen unha estratexia integral que afronte os retos estruturais do sector.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que valoración fai o Goberno da Xunta de Galicia, da situación atravesada polo sector do mexillón en Galicia durante o ano 2025, tendo en conta os peches prolongados das bateas por presenza de biotoxinas e os problemas reiterados de falta de crecemento do mexillón denunciados polos produtores?
2. Ten a elaborado o Goberno galego estudos técnicos que identifiquen as causas do problema xeneralizado de falta de crecemento do mexillón nas rías galegas?

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44379
Data envio: 07/01/2026 18:04:15.647



3. Que actuacións concretas puxo en marcha ou ten previsto poñer en marcha a Xunta de Galicia para investigar as causas da diminución do crecemento do mexillón, nomeadamente no que atinxe á dispoñibilidade de alimento, aos cambios ambientais nas rías, á capacidade de carga e á calidade da semente?
4. Que medidas específicas adoptou a Xunta de Galicia para apoiar economicamente ao sector mexilloeiro afectado pola combinación de peches por toxinas e falta de crecemento, e en que medida estas actuacións foron consensuadas coas organizacións representativas do sector, en particular con OPMEGA?

Santiago de Compostela, a 7 de xaneiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44379
Data envio: 07/01/2026 18:04:15.647

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 07/01/2026 18:00:26

Carlos López Font na data 07/01/2026 18:00:31

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44379
Data envio: 07/01/2026 18:04:15.647

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/01/2026 18:04:16**

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 08/01/2 10:28
Por Silvia Longueira C

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Desde o inicio do ano 2026, a poboación dos concellos da Rúa, Petín, O Bolo e Larouco está a sufrir un grave recorte no acceso á atención farmacéutica urxente, como consecuencia da nova planificación de gardas farmacéuticas aprobada pola administración sanitaria galega.

Esta planificación eliminou as gardas de fin de semana na Rúa, concentrando toda a atención farmacéutica urxente no Barco de Valdeorras desde as 14:00 horas do sábado ata o luns. Esta decisión afecta directamente a unha ampla área do interior da provincia de Ourense, caracterizada por unha orografía complexa, unha poboación envellecida, unha elevada dispersión territorial e unha práctica inexistencia de transporte público, especialmente en fins de semana.

Esta reorganización non só resulta socialmente inxusta, senón que incumpre de maneira flagrante a normativa vixente. O Decreto 228/2022, do 22 de decembro, polo que se regulan os horarios, quendas e gardas das oficinas de farmacia en Galicia, establece no seu artigo 7 que debe garantirse, en todo momento, a existencia dunha farmacia de garda a unha distancia máxima de 15 quilómetros ou 15 minutos de desprazamento real desde o Punto de Atención Continuada (PAC) ou centro de referencia.

Porén, os datos de desprazamento real desde distintos núcleos da zona afectada evidencian que este criterio non se cumpre en ningún dos concellos implicados:

- Desde Roblido (A Rúa): 20,1 km e 25 minutos.

Asinado o día 08/01/2026 ás 10:27
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 08/01/2026 ás 10:27
Por Carmen Rodríguez Dacosta

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- Desde A Portela (Petín): 21,4 km e 21 minutos.
- Desde o centro de Larouco: 19,2 km e 20 minutos.

Estamos, por tanto, ante un incumprimento sistemático e obxectivo da normativa, que obriga á cidadanía a realizar desprazamentos longos e perigosos por estradas de montaña en situacións de urxencia sanitaria, poñendo en risco a súa saúde e mesmo a súa vida.

Cómpre lembrar, ademais, que o propio Decreto 228/2022 prevé no seu artigo 8 a posibilidade de establecer excepcións motivadas por especial dificultade de acceso ou peculiaridades xeográficas, circunstancias que se dan de maneira clara e acreditada na comarca de Valdeorras.

A Xunta de Galicia non pode ampararse en criterios formais ou administrativos para xustificar un retroceso nos dereitos sanitarios da poboación do rural, nin pode ignorar as condicións reais de desprazamento, a climatoloxía, o estado da rede viaria ou o perfil demográfico das persoas afectadas.

Por todo o anterior, resulta necesario que o Parlamento de Galicia se pronuncie e inste ao Goberno galego a corrixir de inmediato esta situación, garantindo o cumprimento estrito da legalidade e o dereito da cidadanía a unha atención farmacéutica urxente accesible e equitativa.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Como xustifica  a Consellería de Sanidade unha decisión que reduce de forma evidente o acceso á atención farmacéutica urxente da poboación de varios concellos do rural ourensán e que, ademais, incumpre os límites máximos de tempo e distancia establecidos no Decreto 228/2022?

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PSG DE PSOE Parlamento de Galicia

Grupo
Parlamentario
Socialista

2. Que criterios técnicos e que datos reais de tempo de desprazamento utilizou a Consellería de Sanidade para autorizar a eliminación das gardas farmacéuticas de fin de semana na Rúa?
3. Considera o Goberno galego que se está a cumprir o disposto no artigo 7 do Decreto 228/2022 na comarca de Valdeorras? En caso afirmativo, en base a que informes ou medicións?
4. Por que non se aplicaron as excepcións previstas no artigo 8 do Decreto 228/2022, relativas á especial dificultade de acceso e ás peculiaridades xeográficas da zona?
5. Ten previsto o Goberno da Xunta de Galicia revisar esta planificación de gardas farmacéuticas á vista do impacto negativo que está a ter na poboación afectada?
6. Mantívose algunha coordinación co Colexio Oficial de Farmacéuticos de Ourense e cos concellos implicados antes de adoptar esta decisión?

Santiago de Compostela, a 8 de xaneiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 10:31:08
Nº Rexistro: 44410
Data envío: 08/01/2026 10:31:08.812

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 08/01/2026 10:27:48

Elena Espinosa Mangana na data 08/01/2026 10:27:54

Silvia Longueira Castro na data 08/01/2026 10:28:00

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 10:31:08
Nº Rexistro: 44410
Data envio: 08/01/2026 10:31:08.812

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/01/2026 10:31:09**

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 10:31:56
Nº Rexistro: 44416
Data envío: 08/01/2026 10:31:56.944

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Olalla Rodil Fernández** e **Ariadna Fernández González**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o convenio asinado pola Xunta de Galiza con Cruz Vermella para a atención á soidade non desexada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En xullo de 2025 o goberno do Partido Popular anunciou a posta en funcionamento da central multicanle de atención á soidade non desexada. Unha ferramenta considerada como "unha das accións máis innovadoras da Estratexia Galega contra a Soidade non Desexada, dotada cun orzamento global de 145 millóns de euros. Con esta ferramenta, a Xunta quere facilitar a detección temperá dos casos, mellorar a atención personalizada e crear un sistema de derivación e seguimento adaptado a cada persoa".

Até o momento esta é a única medida coñecida, xunto cunha campaña publicitaria que acompaña a súa promoción, da tantas veces anunciada Estratexia galega contra a soidade non desexada de cuxa xestión se encarga a Cruz Vermella.

O devandito teléfono fai parte das accións financiadas a través do convenio asinado pola Consellaría de Política Social e Igualdade e a Cruz Vermella dotado con 600 mil euros e que inclúe, ademais do servizo telefónico multicanle, a creación de puntos presenciais de atención á soidade non desexada e un Living Lab ou bancos de probas de equipamento de teleatención avanzada.

Ese convenio prevé unha vixencia até o 30 de decembro de 2025.

Asinado o día 08/01/2026 ás 10:30
Por Ariadna Fernández González

Asinado o día 08/01/2026 ás 10:29
Por Olalla Rodil Fernández

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 10:31:56
Nº Rexistro: 44416
Data envio: 08/01/2026 10:31:56.944

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Cantas persoas foron atendidas a través do convenio asinado pola Xunta coa Cruz Vermella dirixido á atención a persoas en situación de soidade non desexada?

- Que atención se lles prestou e por que categorías profesionais?

- Que resultados obtivo este convenio?

- Onde está a Estratexia para a soidade non desexada anunciada?

- Que outras medidas prevé impulsar a Xunta de Galiza neste ámbito?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 10:31:56
Nº Rexistro: 44416
Data envio: 08/01/2026 10:31:56.944

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 08/01/2026 10:29:49**

**Ariadna Fernández González na data 08/01/2026 10:30:00**

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 10:31:56
Nº Rexistro: 44416
Data envio: 08/01/2026 10:31:56.944

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/01/2026 10:31:57

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43872
Data envío: 02/01/2026 14:08:44.287

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres** e **Montserrat Valcárcel Armesto**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o estado de tramitación do proxecto industrial estratéxico de Altri na Ulloa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Transcorridos xa máis de tres anos desde o rexistro por parte de Altri-Greenfiber da solicitude de declaración como Proxecto Industrial Estratéxico, o tempo veu demostrar o erro que supuxo apostar por unha proposta industrial do pasado, con un forte impacto negativo no territorio, no medio, en sectores económicos estratéxicos e na calidade de vida da contorna.

Trátase -como se recolle na documentación feita pública en marzo de 2024- dun proxecto industrial de enclave, que incentiva aínda máis a plantación de eucalipto e que tería graves repercusións no río Ulla e na ría de Arousa, a máis produtiva de Galiza.

Mais a pesar de todo o goberno da Xunta do PP segue facendo bandeira da megacelulosa de Altri na Ulloa. O estado actual de tramitación do proxecto é o seguinte:

-A solicitude de concesión de captación de auga en Portodemouros e autorización de vertido no río Ulla segue o seu curso. Está aínda sen resolver cando xa transcorreron dous anos desde o trámite de información pública (DOG do 26 de decembro de 2023). As alegacións presentadas non foron respondidas e existen dúbidas a respecto da caducidade e nulidade do procedemento.

Asinado o día 02/01/2026 ás 14:07
Por Montserrat Valcárcel Armesto

Asinado o día 02/01/2026 ás 14:06
Por Luis Bará Torres

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

-O proxecto industrial, sometido a información pública en marzo de 2024, está sen aprobar. Entre outros trámites relevantes está pendente a Autorización Ambiental Estratéxica, paso previo á aprobación do proxecto polo Consello de Goberno da Xunta.

-A megacelulosa de Altri non conta con financiamento de fondos europeos.

-Non está garantida a conexión da factoría á Rede Eléctrica, xa que a liña de alta tensión e a subestación previstas no proxecto non están incluídas na planificación estatal de novas infraestruturas eléctricas.

Así e todo, a empresa promotora da megacelulosa non renunciou ao proxecto e manifestou en reiteradas ocasións a súa intención de seguir adiante con el.

Para a continuidade e a viabilidade do proxecto de Altri na Ulloa é imprescindíbel que a Xunta aprobe a concesión de captación de auga e a autorización ambiental integrada. No Consello Reitor de Augas de Galiza celebrado no mes de decembro de 2025, o Director do Ente afirmou que non están sendo áxiles na tramitación do expediente porque “se o proxecto na non ten percorrido non investimos esforzos adicionais en rematar esa tramitación”.

A finais de decembro de 2025, a conselleira de Medio Ambiente afirmou en resposta a preguntas dos medios de comunicación: "É imposible ter autorización se non hai canle que forneza a esta empresa", "a parte medio ambiental ten que ir conectada ao resto da viabilidade", "sen auga e sen luz non ten lóxica". "É imposible, non pode funcionar".

O presidente da Xunta tamén se referiu no pasado mes de decembro á situación do proxecto, sinalando entre outras cuestións que non é unha prioridade. Afirmou que "a decisión de dar ou non pasos adiante corresponde á empresa", que “fronte a todas esas dificultades terá que decidir o que toque en consecuencia e despois, se procede, serán os seguintes trámites administrativos”.



CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Mais cómpre ter en conta que a tramitación dos proxectos industriais estratéxicos réxese por unha normativa específica que hai que cumprir ( e cuxo cumprimento ten consecuencias), non se rexe por circunstancias externas ou polos intereses da empresa.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que consecuencias vai ter para a administración autonómica a non resolución do expediente da solicitude de concesión e vertido de augas e da declaración ambiental estratéxica nos prazos establecidos na normativa que rexe a declaración de proxectos industriais estratéxicos e na normativa de augas?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2026



CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43872
Data envio: 02/01/2026 14:08:44.287

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Bará Torres na data 02/01/2026 14:06:56**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 02/01/2026 14:07:37**

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43872
Data envio: 02/01/2026 14:08:44.287

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 14:08:45

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43883
Data envio: 02/01/2026 17:59:12.691

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 02/01/2
17:57
Por Ariadna Fernánde

**Á Mesa do Parlamento**

**Secundino Fernández Fernández**, **Ariadna Fernández González**, **Sonia Vidal Lamas**, **Luis Bará Torres** e **Montserrat Valcárcel Armesto**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada e do deputado ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa aos ceses na Consellería do Medio Rural.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No verán de 2025, sobre todo no mes de agosto produceuse unha vaga de lumes incendios forestais que provocaron os lumes máis grandes da historia deste pais. A situación orixinada por esta vaga de lumes amosou perfectamente o grado de indiferenza, ineptitude e de inutilidade dos e das dirixentes do PP na Xunta de Galiza. Unha desidia inaudita no noso país.

A gravidade veu provocada polos grandes lumes que queimaron máis de 150.000 has, segundo os datos de Copernicus, arrasando ao seu paso monte arborado, mato, pastos, viñas, soutos, explotacións agrogandeiras incluso animais e forraxes, explotacións apícolas, infraestruturas públicas, industrias e o que é máis grave aldeas e vivendas e deixando tamén persoas feridas.

Esta catástrofe inicial seguiu agravándose falla de actuacións da Xunta de Galiza. Ás consecuencias económicas directas dos lumes uníronse posteriormente os danos causados indirectamente polas choivas nas zonas arrasadas nos montes, especialmente na comarca de Valdeorras. Estas consecuencias medioambientais de

Por Luis Bará Torres
Asinado o día 02/01/2026 ás 17:57
Por Sonia Vidal Lamas
Asinado o día 02/01/2026 ás 17:57
Por Secundino Fernández Fernández
CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43883
Data envio: 02/01/2026 17:59:12.691

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

erosión e perda de solo son moi importantes, véndose favorecidas pola orografía do territorio que se queimou.

Entre as consecuencias dos lumes e da inacción da Consellería do Medio Rural destaca a que afecta ás augas como consecuencia dos arrastres nas zonas queimadas, que contaminan os cursos de auga de consumo humano.

Mentres pasaba isto, a Xunta de Rueda indicaba que a súa actuación foi adecuada, sen admitir a mínima crítica nin a mínima oferta de diálogo e de medidas de actuación. Todas as propostas feitas polo BNG neste senso foron rexeitadas. Por suposto tampouco houbo dimisións nin ceses no goberno da Xunta nin se asumiron as responsabilidades políticas diante da nefasta actuación por parte da Xunta do PP.

Esto foi o que pasou até que o pasado 30 de decembro saíu publicado no DOG o cese de José Luis Chan Rodríguez como director xeral de Planificación e Ordenación Forestal, de Manuel Rodríguez Vázquez como director xeral de Defensa do Monte e de Jorge Atán Castro como secretario xeral técnico da Consellería do Medio Rural.

Estes ceses na Consellería do Medio Rural dos responsábeis da área forestal representan as primeiras vítimas políticas da desastrosa xestión dos incendios do verán pasado. Son ceses que pretenden desviar a atención dos verdadeiros responsábeis políticos do desastre na xestión dos incendios do pasado verán, é dicir a máxima responsábel da Consellería, a conselleira María José Gómez, e o máximo responsábel do Goberno galego, o presidente da Xunta, o señor Rueda.

Estes ceses representan o recoñecemento da errada e negativa política que ten a Xunta do PP en relación coa ordenación do territorio, a produción agroforestal e a defensa do noso medio rural fronte aos incendios forestais.

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43883
Data envio: 02/01/2026 17:59:12.691

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende o BNG levamos explicando e propondo dende fai tempo que as políticas cara o medio rural teñen que cambiar porque estamos imos cara un punto de non retorno, e este desastre ten que implicar un punto de inflexión, é hora dun cambio profundo e non chega con cambiar certas caras de segundo nivel. Mais para que haxa ese desexado cambio de rumbo tamén deben cambiar os responsábeis comezando pola propia conselleira.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Si os ceses no seo da Consellería do Medio Rural se producen pola nefasta actuación da consellería na vaga de incendios deste verán, por que a conselleira do Medio Rural, responsábel directa da Consellería e polo tanto máxima responsábel da desfeita, sigue no seu posto?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2026



CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43883
Data envio: 02/01/2026 17:59:12.691

**Asinado dixitalmente por:**

**Secundino Fernández Fernández na data 02/01/2026 17:57:23**

**Sonia Vidal Lamas na data 02/01/2026 17:57:46**

**Ariadna Fernández González na data 02/01/2026 17:57:57**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 02/01/2026 17:58:11**

**Luis Bará Torres na data 02/01/2026 17:58:26**

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43883
Data envio: 02/01/2026 17:59:12.691

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 17:59:15**

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43892
Data envio: 02/01/2026 18:38:18.181

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro e Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Os indicadores de pobreza alertan sobre o impacto significativo en familias monoparentais e na pobreza infantil. Gran parte desas familias son encabezadas por mulleres divorciadas, ou nais que crían soas aos seus fillos e fillas. Nunha sociedade avanzada é intolerable que, o pasado ano, tivo os orzamentos máis altos que nunca na historia de Galicia, debido en parte aos fondos europeos e estatais recibidos, existan nenos e nenas que non teñan cubertas ás súas necesidades básicas ou incluso pasen fame ou sufran unha dieta pobre. E máis preocupante aínda é que o Goberno galego sigue incumprindo á súa propia Lei 5/2021, de impulso demográfico de Galicia.

En concreto, o Goberno galego incumpre o artigo 40:

“Especial consideración das familias monoparentais
1. O Consello da Xunta de Galicia aprobará, no prazo dun ano dende a entrada en vigor da presente lei, un plan de apoio ás familias monoparentais, coa finalidade de mellorar a atención e a cobertura social das súas necesidades. Dentro deste plan promoverase, en colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias, o desenvolvemento de medidas específicas por parte das administracións locais.
2. No prazo de seis meses dende a entrada en vigor da presente lei darase cumprimento ao mandato de creación do Rexistro de Familias Monoparentais Galegas, previsto na nova redacción dada ao número 3 do artigo 13 de la Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Asinado o día 02/01/2026 ás 18:29
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 02/01/2026 ás 18:29
Por Silvia Longueira Castro

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43892
Data envío: 02/01/2026 18:38:18.181

Grupo
Parlamentario
Socialista

Despois dun ano e medio de incumprimento da Lei de Impulso Demográfico e cos últimos informes sobre pobreza en Galicia, onde amosan unha mellora dos datos globais galegos grazas (entre outras medidas) ao IMV e á Tarxeta Básica (que a Xunta retirou), pero que prenden unha alerta urxente xa que amosan unha situación límite para unha gran parte das familias monoparentais e con elo datos preocupantes en pobreza infantil.

En concreto, os datos amosan que o risco de pobreza en poboación infantil e xuvenil increméntase, do 31,1 % ao 34 %, moi por riba da taxa en adultos 25,4 %. O índice de pobreza en Galicia creceu nos últimos dous anos nas mulleres, nenos, nenas e mocidade. Todo elo unido ao incremento de menores tutelados, fai que o Goberno galego teña a necesidade de elaborar un paquete de accións significativas sobre a poboación infanto-xuvenil. De seguir igual, estaríamos ante algo totalmente inadmisible para a nosa sociedade e para o principio de igualdade de oportunidades, unha involución en toda regra.

Dende EAPN Pobreza Galicia informan que a taxa de pobreza severa baixou entre 2020 e 2021 en Galicia do 9,4 % ao 8,8 %, afectando a 237.769 persoas. Sen embargo, a situación por sexos é ben distinta, mentres que entre os homes baixa do 10,2 ao 8,6 %, en mulleres aumenta, do 8,7 ao 9 % **.** Ademais, os datos amosan novos perfís en risco de pobreza como o de persoas con estudos e o de persoas que traballan pero caen en risco de pobreza igualmente pasando do 13,5 % ao 17,9 %.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que medidas realizou a Xunta de Galicia para mellorar a situación das familias monoparentais, especialmente encabezadas por mulleres?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
@PSdeG
28071 Madrid

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43892
Data envio: 02/01/2026 18:38:18.181

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 02/01/2026 18:29:38**

**Elena Espinosa Mangana na data 02/01/2026 18:29:44**

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43892
Data envio: 02/01/2026 18:38:18.181

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 18:38:19**

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43894
Data envío: 02/01/2026 18:38:59.516

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro e Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

O 6 de xullo de 2020, logo da sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Cruz Vermella Española en Galicia, iniciouse a execución dun programa extraordinario de axudas económicas para a cobertura de necesidades básicas á poboación en situación de vulnerabilidade ocasionada pola COVID-19, articulado a través de tarxetas moedeiro para a adquisición de produtos de alimentación, hixiene e farmacia.

Unha medida impulsada polos movementos sociais que loitan contra a pobreza dirixida ás persoas e familias residentes en Galicia que se atopan en situación de vulnerabilidade económica, ben porque carecen de ingresos efectivos, ou ben porque na unidade de convivencia non se perciben prestacións económicas periódicas regulares, de carácter mensual (Risga, PNC, IMV, RAI, prestacións por desemprego...), nin outros ingresos efectivos, que acaden, no seu conxunto, o importe que lle correspondería en concepto de tramo persoal e familiar de Risga, de acordo coas contías establecidas para o ingreso mínimo e os complementos familiares (artigo 21 da Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia).

Unha medida, reivindicada dende anos antes da súa implantación por parte de asociacións que loitan contra a pobreza ou a favor dos colectivos máis vulnerables da sociedade, e que reclaman que a Tarxeta Básica ou Tarxeta Moedeiro sexa unha medida permanente no tempo. De feito algúns destes movementos sociais, nomeadamente a través de EAPN Galicia indican que:

Asinado o día 02/01/2026 ás 18:30
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 02/01/2026 ás 18:30
Por Silvia Longueira Castro

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

"A pesar da súa limitada duración, dende EAPN Galicia valorouse positivamente a posta en marcha dunha medida reclamada dende fai anos como un primeiro paso imprescindible pola dignidade das persoas, o afastamento do asistencialismo e da estigmatización e como apoio económico para os comercios de proximidade nun contexto de emerxencia social como a que estamos vivindo. Seguiremos demandando non só que esta iniciativa sexa permanente, senón sobre todo para que as persoas ou familias que a percibían pasen canto antes a un sistema de garantía de ingresos a partir do IMV e a Risga".

Tendo en conta o contexto socioeconómico actual derivado do incremento de prezos e que máis de 600.000 galegos e galegas viven en risco de pobreza, especialmente acusada a pobreza infantil e a que sofren as familias monoparentais encabezadas por mulleres, é de xustiza retomar como permanente a Tarxeta Básica, non só pola prestación en si, senón pola privacidade das familias perceptoras e o poder desta medida contra a estigmación debido ás súas características.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Valora o Goberno galego retomar a Tarxeta Básica tal e como reclaman os movementos sociais que loitan contra a pobreza en Galicia?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43894
Data envio: 02/01/2026 18:38:59.516

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 02/01/2026 18:30:12
Elena Espinosa Mangana na data 02/01/2026 18:30:18

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43894
Data envio: 02/01/2026 18:38:59.516

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 18:39:00**

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PSG PSOE Parlamento de Galicia

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

É unha realidade que en Galicia hai un problema de ateigamento tanto nas listas de espera para obter unha praza nas residencias de maiores como en calquera outra das prestacións que promove a Lei de autonomía persoal.

A través de informes da Valedora do Pobo e mesmo das queixas reiteradas que se formulan a través dos equipos socio comunitarios, as familias están a padecer unha distorsión constante á hora de facer valer os seus dereitos respecto á lei.

Listas de espera para ser recoñecido os dereitos, listas de espera para obter a valoración, listas de espera para obter as libranzas, listas de espera para optar a unha praza nunha residencia. E mesmo estamos sen saber como vai a solucionar a Xunta de Galicia toda esta problemática.

Esta situación pon tamén en alerta aos concellos que se ven desbordados pola falta de previsión da Xunta de Galicia á hora de informar sobre outras prestacións como son os bonos de 5.000 euros e de 1.200 euros que tamén terán que tramitar desde fai uns meses.

Ademais, o Tribunal Supremo vén de recoñecer en Andalucía o dereito dunha familia a percibir a libranza económica que lle foi concedida para os coidados dunha familiar, mesmo cando ela xa tiña falecido e non chegara a percibir a prestación que lle foi recoñecida con posterioridade.

Asinado o día 02/01/2026 ás 18:31
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 02/01/2026 ás 18:31
Por Silvia Longueira Castro

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43898
Data envio: 02/01/2026 18:40:15.791

Grupo
Parlamentario
Socialista

Por todo isto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que medidas vai poñer en marcha a Xunta de Galicia para desateigar ás listas de espera respecto á tramitación e concesión das prestacións da Lei de dependencia?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 02/01/2026 18:31:13

Elena Espinosa Mangana na data 02/01/2026 18:31:19

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43898
Data envio: 02/01/2026 18:40:15.791

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 18:40:16**

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PSG de PSOE Parlamento de Galicia

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 02/01/2 18:31 Por Paloma Castro R

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro**, **María Elena Espinosa Mangana e Paloma Castro Rey**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Valedora do Pobo vén de reprender á Consellería de Política Social por non dar a atención que solicitaba unha familia a que un dos seus membros que presenta un diagnóstico de TEA, non se lle concedese unha praza asistencial que ten concedida como dereito desde o ano 2022.

Asinado o día 02/01/2026 ás 18:31 Por Elena Espinosa Mangana

A familia levou este caso ante a oficina da Valedora do Pobo, toda vez que esta persoa tiña xa recoñecido o seu Plan Individual de Atención recoñecido. Isto faise sorprendente xa que desde a propia Consellería chegouse a publicar no Diario Oficial de Galicia unha orde na que se concertaban 169 prazas de atención residencial para persoas con autismo.

A chamada de atención sobre este tema, por parte da Valedora, vén despois de varios requirimentos sobre materialización do dereito adquirido e que nunca se chegou a dar resposta.

Como queira que este problema é un tema que comeza a tomar dimensións preocupantes nun amplo sector da poboación que está á espera de que se fagan efectivos os dereitos que teñen recoñecidos; o Grupo Parlamentario dos Socialistas quixera facer unha chamada de atención que poña na axenda política a situación de ignominia que padecen milleiros de galegas e galegos que se atopan en "vulnerabilidade socio-sanitaria" e non son capaces dunha dicotomía cruel:

- Que os seus dereitos sexan recoñecidos.

Asinado o día 02/01/2026 ás 18:31 Por Silvia Longueira Castro

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- Unha vez que conseguen o recoñecemento dos PIAs, chegan incluso a falecer sen que sexa materializado o dereito que lles foi concedido.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

A Xunta de Galicia podería dar unha explicación do "*modus operandi*" da súa Consellería respecto as recomendacións que en repetidas ocasións lle fixo a Valedora do Pobo, sobre a concesión dos dereitos e servizos recoñecidos e que non foron tidas en conta?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43899
Data envio: 02/01/2026 18:40:34.478

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 02/01/2026 18:31:28**

**Elena Espinosa Mangana na data 02/01/2026 18:31:34**

**Paloma Castro Rey na data 02/01/2026 18:31:45**

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43899
Data envio: 02/01/2026 18:40:34.478

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 18:40:35

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro** e **Aitor Bouza Manso**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

A política cultural do PP discorre por liñas que as máis das veces atende a grandes fitos e grandes eventos que dificilmente atenden a idiosincrasia do país e as súas xentes.

Baseándose nesa liña de grandes eventos, a Xunta de Galicia repartiu no ano 2023 más de 19 millóns de euros en festivais e eventos repartidos pola xeografía galega que produciu unha distorsión no tecido cultural autóctono de Galicia.

Gran parte deles foron xestionados a través da Axencia de Turismo de Galicia que de xeito pouco transparente “distribuíu” as actuacións non se sabe ben baixo que criterio.

Por outra parte, hai un importante volume de creadores tanto na escena musical como plástica que esperan, dalgún xeito, que desde a Consellería de Cultura se estableza un sistema cultural estable que permita desenvolver estratexias de visibilización e traballo de xeito continuado e con relevancia en Galicia e fóra das nosas fronteiras.

Asinado o día 02/01/2026 ás 18:32
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 02/01/2026 ás 18:31
Por Silvia Longueira Castro

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43900
Data envio: 02/01/2026 18:40:50.368

Por tal motivo, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cales son os criterios establecidos para a concesión de actuacións e eventos en diferentes festivais en Galicia?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43900
Data envio: 02/01/2026 18:40:50.368

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 02/01/2026 18:31:53

Aitor Bouza Manso na data 02/01/2026 18:32:01

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43900
Data envio: 02/01/2026 18:40:50.368

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 18:40:51**

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Segundo o último informe do Imserso, soamente o 33,14 por cento da poboación potencialmente dependente ten solicitado as prestacións que contempla a Lei de dependencia.

Isto é, en Galicia soamente un de cada tres posibles persoas beneficiarias solicita as axudar de dependencia. Hai casos extremos de persoas que tiveron que vender a súa vivenda para que a súa parella, despois de sufrir unha patoloxía neurolóxica, puidese acceder a unha residencia privada con custes superiores a 3.000 euros; mentres o outro membro da parella foi a vivir de alugueiro.

O outro caso como o dunha persoa que ao quedar afectado dunha tetraplexía atopouse con falla de persoal capacitado e horarios inadecuados. Ou o caso dun enfermeiro que destacaba no seu centro a ausencia de protocolos informativos no seu centro de saúde para dar a coñecer estas prestacións.

Tanto esta inacción da información como o farragoso do proceso convértense nunha barreira de entrada para as persoas que precisan tramitar. O último Informe de avaliación do sistema de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (SAAD), de setembro de 2022, tamén sinala a lentitude do proceso como o principal problema á hora de acceder ás axudas de dependencia. De media, o trámite tarda 329 días, segundo as últimas cifras do Imserso, fronte aos 6 meses segundo a lei.

Asinado o día 02/01/2026 ás 18:32
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 02/01/2026 ás 18:32
Por Silvia Longueira Castro

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43901
Data envio: 02/01/2026 18:41:15.328



Sabendo que os prazos de atención non se cumpren, e que existen promesas de axilización dos trámites da lei, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten a Xunta de Galicia algún plan de información eficaz para que a poboación saiba cales son as prestacións ás que teñen dereito?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43901
Data envio: 02/01/2026 18:41:15.328

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 02/01/2026 18:32:11

Elena Espinosa Mangana na data 02/01/2026 18:32:18

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43901
Data envio: 02/01/2026 18:41:15.328

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 18:41:16

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43903
Data envio: 02/01/2026 18:41:52.638

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 02/01/2
18:33
Por Paloma Castro Re

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro, Carmen Rodríguez Dacosta, Paloma Catro Rey** e **Patricia Iglesias Rey**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O pasado 27 de xullo o xornal dixital elDiario.es publicaba que a Xunta de Galicia presidida por Alfonso Rueda ten previsto desenvolver unha lei que dote ao Partido Popular do control absoluto sobre os medios públicos da CRTVG, ao tempo que comeza un camiño para que a TVG emita “sen complexos” producións en castelán.

Nese texto, que se estima coma un borrador da nova lei, desbótase a Lei de medios que fora aprobada no ano 2011 e que formulaba a creación dun Consello de Informativos e a redacción dun Estatuto Profesional (non desenvolvidos). Anuncian, ademais, a creación dun Consello Asesor de 15 membros que serán elixidos nos organismos controlados polo Partido Popular. E, por último, modifícase o modo de elección do Director Xeral da Corporación; de xeito que se non resultase elixido en segunda votación polos tres quintos da cámara, o PP inclúe agora unha disposición transitoria coa que bastaría con unha maioría simple para que resulte elixido o candidato/a que o Partido Popular estime oportuno.

Apunta tamén este xornal que no documento que tivo acceso, ábrese a vía para a emisión de contidos en castelán; anunciando que as emisións serán en lingua galega “sen prexuízo da utilización doutras linguas cando así o xustifique o cumprimento da misión de servicio público coa fin da dar a coñecer a identidade cultural de Galicia fóra do territorio da Comunidade Autónoma.”

Asinado o día 02/01/2026 ás
18:33
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Asinado o día 02/01/2026 ás
18:32
Por Silvia Longueira Castro

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
@PSdeG
28071 Madrid

Ante estes feitos, e tendo en conta a situación de intervención política da que é obxecto a CRTVG desde fai 15 anos, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Pode asegurar o Goberno da Xunta de Galicia que este documento será enviado a esta cámara coa modificación explicitada para a elección do Director Xeral e a da emisión de producións en castelán?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43903
Data envio: 02/01/2026 18:41:52.638

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 02/01/2026 18:32:57
Carmen Rodríguez Dacosta na data 02/01/2026 18:33:03
Paloma Castro Rey na data 02/01/2026 18:33:11
Patricia Iglesias Rey na data 02/01/2026 18:33:18

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43903
Data envio: 02/01/2026 18:41:52.638

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 18:41:53**

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43904
Data envío: 02/01/2026 18:42:11.875

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 02/01/2
18:34
Por Aitor Bouza Mans

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro, Patricia Iglesias Rey e Aitor Bouza Manso**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno.**

Desde hai máis dun ano, o Centro de Maiores “Camilo Otero”, situado na Pontepedriña en Santiago de Compostela carece de aire acondicionado.

O ano pasado, que tivo un dos veráns máis calorosos que se recordan, os residentes soportaron o calor a pesar das continuas peticións e chamadas de atención dos familiares que, durante os meses de xullo e agosto, reiteraron a cotío a petición do arranxo da maquinaria.

Este ano, coa chegada dos días de calor no verán, están na mesma situación. Os familiares chamaron de novo a atención sobre a situación e a resposta foi que non había orzamento para o arranxo.

En concreto, na planta terceira do centro, atópanse aqueles residentes que están encamados e teñen que soportar temperaturas que pasaban dos 29 grados; cunha sensación de bochorno insufrible, tanto para as traballadoras como para residentes e familias.

A última reclamación tivo lugar o domingo día 28 de xullo cando un familiar dun residente formulou unha denuncia por escrito á residencia DomusVi, no correo que figura na súa páxina *web*.

Asinado o día 02/01/2026 ás
18:33
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 02/01/2026 ás
18:33
Por Silvia Longueira Castro

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
@PSdeG
28071 Madrid

Mais o feito é que este desleixo de non arranxar o aire acondicionado, vai en relación coa deshumanización da xestión desta residencia por parte da empresa xestora que non ten outro obxectivo que obter o máximo beneficio co menor custo posible. Persoal duplicando quendas nas vacacións, falla de asistencia médica nas fins de semana e unha cuestión que non é menor: non hai ningunha organización sindical entre os traballadores que, na súa maioría, son enviados a través de empresas de traballo temporal con condicións de estrés laboral evidentes.

Non é este un caso illado no funcionamento dalgunhas residencias de maiores que, a falta dun modelo e dunha planificación por parte da Consellería de Benestar Social, están a padecer irregularidades no seu funcionamento.

Por tal motivo, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

A Conselleira de Política Social coñece a realidade das necesidades materiais e dos profesionais traballadores dos centros de residencia de maiores de Galicia?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43904
Data envío: 02/01/2026 18:42:11.875

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 02/01/2026 18:33:49

Patricia Iglesias Rey na data 02/01/2026 18:33:55

Aitor Bouza Manso na data 02/01/2026 18:34:03

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 18:42:12**

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

A Esclerose Lateral Amiotrófica é unha enfermidade neurodexenerativa e discapacitante que, salvando excepcións, ten unha esperanza de vida entre 2 e 5 anos.  A medida que a enfermidade avanza, se paralizan todo tipo de movementos, excepto os oculares, así como a fala, permanecendo intactas as capacidades cognitivas do doente.

A doenza supón unha gran dependencia e unha urxencia na toma de decisións do ámbito familiar que rodea aos afectados; xa que a velocidade do deterioro fai que a realidade presente do doente sexa cambiante e precise de coidados específicos e constantes que eviten o sufrimento e retrasen o máximo posible o falecemento. Na actualidade estímase en 4000 persoas que padecen ELA en España, e aproximadamente 350 en Galicia. Tódolos días falecen 4 persoas de ELA en España e detéctanse 4 novos casos.

O pasado 10 de outubro aprobábase por unanimidade no Congreso dos Deputados a Lei ELA, coa unanimidade de tódolos partidos políticos que apoiaron unha lei que vén a recoller non só a realidade desta enfermidade, senón tamén o traballo de investigación sobre esta doenza que se fai máis que necesario.

O texto da lei, elaborado en conxunto coas persoas afectadas de ELA, ten puntos novidosos como a ampliación de coberturas da propia norma que abarcará enfermidades doutras patoloxías que precisan de coidados sanitarios e sociais con certa complexidade.

Asinado o día 02/01/2026 ás 18:34
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 02/01/2026 ás 18:34
Por Silvia Longueira Castro

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Recóllese tamén o procedemento para recoñecer a discapacidade das e dos afectados con axilidade; establecendo un procedemento de urxencia máximo de tres meses para adxudicar ou revisar o grado de discapacidade e dependencia.

Contempla tamén a lei unha reivindicación das asociacións de afectados pola ELA na que fan fincapé na atención docimiliaria especializada. Isto implica que haberá que levar a cabo unha mellora no sistema de coidados, reforzando os servicios de asistencia persoal e axuda no fogar; asegurándose unha atención e supervisión das 24 horas para aqueles que estean xa nunha fase avanzada da enfermidade.

Por outra parte, as persoas afectadas considéranse como "consumidoras vulnerables" co que se lles fará bonificacións como o bono social eléctrico.

O feito de ter ido da man das e dos afectados na redacción da lei, propicia que o diálogo en col das súas necesidades sexa explícito e quede enunciado que o gasto medio por paciente teña que cubrir desde a propia asistencia socio sanitaria, até a adaptación do fogar, dispositivos electrónicos, cadeiras de rodas… sendo todo isto parte dunha realidade cambiante co avance da enfermidade.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como ten previsto a Consellería de Política Social e Igualdade atender á demanda de formar e estruturar a atención socio sanitaria especializada para persoas enfermas de ELA, toda vez que a casuística destes enfermos leva aparellada o manexo de técnicas e tecnoloxía específica?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43906
Data envio: 02/01/2026 18:42:47.130

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 02/01/2026 18:34:27**

**Elena Espinosa Mangana na data 02/01/2026 18:34:33**

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 18:42:47**

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43908
Data envio: 02/01/2026 18:43:19.798

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro** e **Aitor Bouza Manso**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O patrimonio cultural de Galicia, material e inmaterial, ten unha relevancia máis que recoñecida no ámbito nacional e mesmo internacional. Tanto no eido da arquitectura e as artes plásticas como no ámbito das letras e o pensamento. Así como naqueles exemplos que mesturaron diferentes pescudas que van desde o pensamento e a escrita, até a música ou a ciencia.

Un bo exemplo disto último o temos naqueles homes e mulleres que conformaron unha das xeracións mellor preparadas deste país e que tiveron que buscar o exilio (exterior ou interior) co estalido da Guerra Civil. O seu traballo, hoxe recollido e analizado en pequenas fundacións, están sustentados na maioría dos casos co esforzo dos concellos e deputacións. Ao tempo que ofrecen unha oferta cultural tanto en cidades como en pequenas vilas nas que xeran boa parte das iniciativas culturais.

Existen tamén outras que comezan a recoller o legado e arquivo de creadores que aportaron feitos diferenciais ao que supón Galicia, e que dan novos pulos culturais, contribuíndo ás comunidades nas que se atopan inseridos. E crean importantes focos de acción para as e os artistas actuais xerando accións e liñas de creación. A lista é longa e con desiguais puntos de desenvolvemento: Castelao, Vicente Risco, Luis Seoane, Penzol, Uxío Novoneira, Celso Emilio Ferreiro, Ramón Cabanillas, Manuel María, Laxeiro, Eugenio Granell, Casa Álvaro Cunqueiro, Otero Pedrayo, Carlos Casares…

Asinado o día 02/01/2026 ás 18:34
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 02/01/2026 ás 18:34
Por Silvia Longueira Castro

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
@PSdeG
28071 Madrid

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43908
Data envio: 02/01/2026 18:43:19.798



Unha longa lista esparexida polo territorio galego e que forman un tecido cultural esforzado e pouco escoitado polos dirixente políticos.

Estas fundacións e centros xeran un importante produto cultural, ben porque traballan na pescuda de documentación e conservación da mesma, ben porque ademais dese labor arquivística desenvolven un programa de exposicións e actividades singular. Vencellado tanto a propia labor do autor como a súa posta en diálogo co presente actual.

É unha certeza e obviedade que co apoio da Consellería de Cultura de xeito sostido, en programas que ben puideran estar consensuados e dentro dun programa ad hoc, Galicia, sae gañando. A cultura galega, sae gañando. O tecido cultural e os seus compoñentes, saen gañando.

Sería esta unha forma de construír unha marca da cultura galega, que como xá diximos, está inserta en todo o seu territorio; ademais de dar visibilidade ao traballo de intelectuais e creadores que se ben pode que se lles poña nome e cara, hai un descoñecemento profundo do seu legado.

Por tales motivos, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Valoran desde a Consellería de Cultura visibilizar e dar apoio ás decenas de fundacións e centros de cultura de autor que recollen o traballo de senlleiros creadores galegos?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43908
Data envio: 02/01/2026 18:43:19.798

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 02/01/2026 18:34:47**

**Aitor Bouza Manso na data 02/01/2026 18:34:54**

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43908
Data envío: 02/01/2026 18:43:19.798

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 18:43:20

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O pasado mes de decembro de 2024 coñecíase que o goberno de Alfonso Rueda rexeitara máis 22 millóns de euros de fondos europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, coa fin de construír escolas infantís; creando así 3.200 prazas públicas de educación infantil para nenos e nenas de 0 a 3 anos.

As escusas do goberno do Partido Popular foron varias. A primeira é que estes fondos tiñan "limitacións". A segunda é que estaban "mal deseñados" e que "*prexudicaban*" ás comunidades, como Galicia, onde o índice de escolarización chega ao 60 %. E por iso a necesidade de creación de novas prazas é "*inferior*".

Desde o Grupo Parlamentario Socialista parécenos que esta decisión do xefe do executivo galego está tinguida de irresponsabilidade fronte ao orzamento público, toda vez que o sistema de escolas infantís en Galicia apóiase no sector privado das mesmas. Deste xeito, o PP "financia" garderías privadas con cantidades maiores das que perciben as garderías públicas; detraendo do orzamento da Xunta de Galicia fondos públicos para pagar a iniciativas privadas.

Con este proceder, a Xunta de Galicia xustifica que a súa "postura ideolóxica" é a "*gratuidade universal para tódalas familias*"; incidindo que é algo que "*non se está a facer en ningunha outra comunidade de España*". E que por outro lado, eran fondos que "*estaban pensados para elevar a taxa de escolarización*

Asinado o día 02/01/2026 ás 18:35
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 02/01/2026 ás 18:35
Por Silvia Longueira Castro

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43909
Data envio: 02/01/2026 18:43:50.865

*infantil, cousa que en Galicia non é necesario*". E, que finalmente, *"como non ía a ampliar a gratuidade, non resultaban adecuados para Galicia*".

Esta argumentación choca directamente coa realidade galega; xa que, en Galicia, das máis de 30.000 prazas dispoñibles, más dun terzo pertencen a rede privada (13.552), outro terzo á rede pública autonómica (10.142) e case un 20 % aos concellos.

Por tales motivos, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como é posible que a Xunta de Galicia rexeite fondo europeos para a construción de escolas infantís cando na escola infantil de As Mariñas, na cidade da Coruña, varias familias non obtiveron praza?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43909
Data envio: 02/01/2026 18:43:50.865

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 02/01/2026 18:35:18

Elena Espinosa Mangana na data 02/01/2026 18:35:24

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43909
Data envio: 02/01/2026 18:43:50.865

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 18:43:51**

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PSG PSOE Parlamento de Galicia

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Unha persoa de cada cinco sufre soidade non desexada en Galicia (19,8 %), cifra levemente inferior la media nacional (20,0 %) pero que dá unha voz de alerta sobre o particular. Segundo avanza un estudio da Fundación ONCE.

A soidade crónica situaríase no 15,2 % da poboación, por riba da media nacional (13,5 %), sendo un problema persistente xa que na nosa comunidade a duración da soidade é maior que no conxunto do país. O 77,0 % das persoas que a sofren levan nesta situación dende fai máis de 2 anos, cifra que é superior á media nacional (67,7%). E un 56,4% desde fai máis de tres (comparado co 59% no conxunto do país).alfo inferior respecto á media nacional (36,6%)

Das persoas que non senten a soidade no momento actual, un terzo (34,7 %) tivo unha etapa na que sentiu soidade, algo inferior respecto á media nacional (36,6 %). E a soidade non desexada é similar entre homes e mulleres: un 20 % de mulleres fronte a un 19,7 % de homes.

O dato toma relevancia cando pescudamos que a soidade non desexada está especialmente estendida entre a xuventude. As persoas entre 18 e 34 anos teñen unha prevalencia superior que os outros dous grupos de idade estudados con un 35,5 % (fronte a un 12 % entre 35 e 54 anos e un 19,9 % entre as persoas de 55 e máis anos).

Asinado o día 02/01/2026 ás 18:35
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 02/01/2026 ás 18:35
Por Silvia Longueira Castro

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43911
Data envio: 02/01/2026 18:44:26.197



As persoas de entre 18 e 34 anos teñen unha prevalencia superior que os outros dous grupos de idade estudiados con un 35,5 % (fronte a un 12 % entre 35 e 54 anos e un 19,9 % entre as persoas de 55 e máis anos).

Con estes datos, e coa casuística galega particular sobre a emerxencia demográfica que está a pasar, onde unha parte cada vez maior do territorio está baleira, entendemos que se abre un problema que precisa dunha atención particular por parte do goberno da Xunta de Galicia.

Por tal motivo, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galicia a presentación dun programa específico para combater a soidade non desexada en Galicia?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43911
Data envio: 02/01/2026 18:44:26.197

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 02/01/2026 18:35:36**

**Elena Espinosa Mangana na data 02/01/2026 18:35:47**

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43911
Data envio: 02/01/2026 18:44:26.197

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 18:44:26**

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43912
Data envio: 02/01/2026 18:44:47.361

Grupo
Parlamentario
Socialista

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro** e **Aitor Bouza Manso**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O pasado venres 14 de marzo, na Comisión 4.ª, Educación e Cultura, o director xeral de Cultura tivo unha comparecencia para presentar o Plan para a dinamización da lectura en Galicia.

Baixo o título de LEMOS + o plan percorre lugares comúns con accións que en algunha ocasión xa foron postas en funcionamento pero que non tiveron unha difusión suficiente. De feito, a maioría das propostas estrutúranse en liñas tácticas, sen moito percorrido, e non en liñas estratéxicas que sería o adecuado. E por outra parte, unha parte das medidas tácticas xa foron postas en marcha e non tiveron éxito.

Chama a atención que o plan non teña unha especial dedicación ao fomento da lectura e lingua galega, dado a preocupación amosada pola Consellería de Cultura para retomar. É máis, aparece nalgúns apartados dentro das liñas estratéxicas dalgúns eixes pero non ten un trazado diferencial que aposte por un "suposto" apoio ás políticas que desde a Consellería de Cultura queren establecer para frear a caída da empregabilidade do galego.

Outra das eivas é que, naqueles ámbitos nos que habería que incidir no referente ao fomento da lectura, non aparecen fortalecidos. Simplemente son enunciados como eidos menos favorables ás dinámicas de lectura pero non se deseñan accións que revertan esa realidade.

Asinado o día 02/01/2026 ás 18:36
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 02/01/2026 ás 18:35
Por Silvia Longueira Castro

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43912
Data envio: 02/01/2026 18:44:47.361

Grupo
Parlamentario
Socialista

Pero a tónica xeral é que boa parte das medidas xa foron postas en práctica pero con escasa visibilidade, sen pulsión de execución por parte da Consellería. E con un orzamento escaso que apenas sostén subidas simbólicas dun 5 por cento anual para un plan que esténdese ata 2029.

E por último, fálase tamén da implicación do Observatorio da Lectura que traballará en consonancia co Consello Asesor, órgano que non conta cunha sintonía de obxectivos coa Xunta de Galicia. Por non mencionar o rexeitamento da Xunta de Galicia a escoitar a tradutores ou editores que ano tras ano teñen que afrontar sen amparo institucional as eivas dun sector cada vez máis precarizado.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal é o papel esencial que se espera do Observatorio da Lectura segundo o Plan de lectura presentado pola Consellería de Cultura?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43912
Data envio: 02/01/2026 18:44:47.361

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 02/01/2026 18:35:57**

**Aitor Bouza Manso na data 02/01/2026 18:36:04**

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43912
Data envio: 02/01/2026 18:44:47.361

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 18:44:48

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro** e **Carmen Rodríguez Dacosta**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O pasado martes 8 de xullo, o Pleno do Parlamento de Galicia aprobaba cos votos do Partido Popular o nomeamento da nova directora xeral da extinta CRTVG, María Concepción Pombo Romero.

Licenciada en Ciencias da Información pola USC, iniciou a súa carreira en 1998 como becaria do ente e desde 2017, exerceu como directora da Área de Información e Documentación. A súa candidatura foi proposta polo grupo maioritario do PPdeG en maio de 2025. E a súa elección foi posible tras unha reforma legal aprobada en Galicia (en solitario polo Partido Popular no goberno), que facilita a elección da Dirección pola simple maioría absoluta.

Precisamente a súa vinculación á empresa que agora dirixe, e máis especialmente como directora do área de Información e Documentación, posibilita que poida dar resposta a asuntos que foron substanciados dentro da propia compañía xa fai algún tempo.

Un deles é a información sobre o presidente do Partido Popular, o deputado Núñez Feijoó respecto das fotografías ao lado de Marcial Dorado, onde se aprecia unha cotidianeidade á hora do tempo de lecer: navegando no barco do señor Dorado polas rías galegas, de paseo por diferentes vilas, empregando xunto ao señor Dorado un vehículo para viaxar....

É de público coñecemento que Marcial Dorado, nado en Cambados en 1950, iniciou a súa carreira como contrabandista de tabaco e máis tarde converteuse

Asinado o día 02/01/2026 ás 18:36
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Asinado o día 02/01/2026 ás 18:36
Por Silvia Longueira Castro

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nun dos principais narcotraficantes de Galicia, implicado nun alixo masivo de cocaína en 2003, co barco South Sea.

En 2011 foi condenado a 10 anos de prisión por narcotráfico, con 35 millóns de multa, e posterior condena por branqueo de capitais: 6 anos máis e unha multa de 21,5 millóns.

Esa reportaxe gráfica foi comentada en diferentes medios da península e mesmo en programas de audiencia nacional como “Lo de Évole”. E é un tema que desaperta unha gran curiosidade nunha alta porcentaxe da poboación galega, e mesmo nacional.

Isto suscítase pola repercusión mediática do señor Núñez e mesmo pola súa traxectoria tanto a nivel galego coma nacional; sendo un dos líderes da oposición que máis posibilidade tería de acadar a Presidencia do Estado, foi presidente da Xunta de Galicia e é o máximo responsable do maior partido da oposición.

Por tal motivo, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración realiza o Goberno galego sobre os criterios de elaboración que sigue a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia para realizar reportaxes de información sobre temas relevantes para a sociedade galega que afectan a persoeiros políticos galegos que tiveron, teñen ou poden acadar responsabilidades de goberno?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43913
Data envio: 02/01/2026 18:45:11.444

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 02/01/2026 18:36:41**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 02/01/2026 18:36:47**

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43913
Data envio: 02/01/2026 18:45:11.444

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 18:45:12**

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Durante unha rolda de prensa de Rocío de Meer, portavoz de Vox para emerxencia demográfica e políticas sociais, na sede do partido en Madrid o 7 de xullo de 2025, declarou que "8 millóns de persoas han venido de diferentes orígenes" e que sería “extraordinariamente difícil” que se adaptasen ás “nosas convencións e costumes”, polo que afirmaba que “todos estes millóns de persoas … tendrán que volver aos seus países”

Con todo, ao día seguinte, tanto quen pronunciou esas palabras como o líder de Vox, Santiago Abascal, matizaron que non existe unha cifra exacta establecida e que ningúen falou literalmente de expulsar oito millóns. Abascal afirmou: “Vox non dixo o número dos que deben ser expulsados, simplemente porque non o sabemos”.

En Galicia, máis de 177.000 migrantes dan sustento a que vaia incrementándose a poboación galega, chegando na actualidade a máis de 2.700.000 persoas. Xentes que chegaron á nosa comunidade na procura dunha vida mellor e que son quen sustenta unha forza de traballo imprescindibles nas nosas vidas.

Ante esta manifestación por parte do partido da ultra dereita (aliado natural do Partido Popular) e o rexeitamento xa anunciado do Partido Popular de Galicia de non acoller aos menores migrantes, baseándose en “procedementos protocolarios”, entendemos que é necesario coñecer cal é a postura do Partido Popular ao respecto do trato á poboación migrante.

Asinado o día 02/01/2026 ás 18:37
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 02/01/2026 ás 18:37
Por Silvia Longueira Castro

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43915
Data envio: 02/01/2026 18:45:45.950



Por tales motivos, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que preparativos e traballos están a realizar desde o Goberno galego para o acollemento de menores?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
@PSdeG
28071 Madrid

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43915
Data envio: 02/01/2026 18:45:45.950

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 02/01/2026 18:37:09**

**Elena Espinosa Mangana na data 02/01/2026 18:37:15**

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43915
Data envio: 02/01/2026 18:45:45.950

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 18:45:46**

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43917
Data envío: 02/01/2026 18:46:19.140

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro** e **Aitor Bouza Manso**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

No ano 2021 por instancia da Agrupación Socialista de Arteixo, o Grupo Parlamentario Socialista representaba unha iniciativa no Parlamento de Galicia para pedir melloras no IES Manuel Murguía; dita iniciativa reflexaba a falla de persoal educativo e a saturación e mal estado no que se atopaban as súas instalacións, sen aula de informática, nin tecnoloxía o que deixaba a un dos institutos de máis alumnado de Galicia sen a capacidade para competir con outros centros de educación concertada e privada ou incluso públicos do noso entorno.

Dende facía máis dunha década e pese as continuas peticións realizadas dende o propio centro educativo e os consellos escolares, estas propostas eran ignoradas pola consellería de educación o que facía que o centro se atopase nunha lamentable situación de deterioro, tanto no interior como nos exteriores. Nesta iniciativa enumerábanse moitas das deficiencias detectadas e pediámoslle á Consellería de Educación que levara a cabo, de xeito urxente, as actuacións necesarias nas instalacións do IES Manuel Murguía de Arteixo coa finalidade de garantir a correcta funcionalidade da totalidade das instalacións ademais dun aumento dos docentes, pero a iniciativa foi votada en contra polo PP, quedando rexeitada pola súa maioría absoluta.

Catro anos despois se anunciaron obras da consellería para a reforma de dito centro, pero vemos que as obras só afectan á cuberta, fiestras, portas e teitos, non aos espazos exteriores en mal estado, ademais sabemos que non se vai a proceder a facer nada coas deterioradas gradas que ten o instituto que despois

Asinado o día 02/01/2026 ás 18:37
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 02/01/2026 ás 18:37
Por Silvia Longueira Castro

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de consultar con diversos membros da comunidade educativa, nos comunican que avogan pola retirada de ditas gradas coa seguinte argumentación:

1. Estado de abandono e deterioro: As bancadas atópanse en estado de completo abandono desde hai anos. Durante o curso 2022/2023 unicamente usáronse unha vez, o último día de curso, durante un partido amigable entre alumnos e profesores. Esta foi a única apertura rexistrada en anos. O resto do tempo, as bancadas permanecen pechadas con cinta de precaución, ofrecendo unha imaxe de deixamento, con óxido, corrosión e signos evidentes de desgaste estrutural. Esta situación non só empeora o aspecto da contorna educativa, senón que tamén pode supoñer un risco para a seguridade do alumnado e do persoal docente.
2. Falla de uso: A comunidade educativa non fai uso activo nin recorrente destas bancadas. Non se utilizan no día a día, nin para actividades lectivas nin para actividades extraescolares, e o seu mantemento non foi unha prioridade nin por parte do centro nin por parte da administración. O espazo que ocupan actualmente non está a cumprir ningunha función educativa, social nin deportiva de relevancia.
3. Informes de seguridade e roubos: Trasladóusenos que ocorreron varios roubos e intentos de roubo no centro accedendo a través das propias bancadas. A altura das bancadas en relación coa estrada traseira do instituto (Avenida de Figueiroa) facilita a entrada desde o exterior, como se pode comprobar nas seguintes imaxes dispoñibles en Google Street View. Esta circunstancia converte ás bancadas nunha vulnerabilidade estrutural que facilita delitos contra o patrimonio do centro e a seguridade do alumnado.

4. Desexo da dirección do centro: Sabemos que a dirección do IES Manuel Murguía tamén é favorable á retirada das bancadas. Esta coincidencia

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

entre dirección, parte do AMPA, e alumnado, reforza a lexitimidade e o consenso sobre a medida.

5. Problemática de accidentes: Xa foron varios os casos de incidentes nos que alumnos do propio centro IES Manuel Murguía sufriron algún tipo de dano e/ou accidente por estar a escalar as bancadas para tentar subir ás mesmas.
6. Potencial aproveitamento do espazo: A eliminación das bancadas liberaría unha importante superficie que podería destinarse a múltiples usos beneficiosos para o correcto funcionamento do centro, tales por exemplo:

- Espazo libre adicional para o recreo e tránsito de alumnos.
- Posible instalación de estruturas educativas, deportivas ou recreativas, que si teñan un uso frecuente e acheguen valor á vida diaria do centro.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto a Consellería de Educación realizar obras nos espazos exteriores do IES Manuel Murguía?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43917
Data envio: 02/01/2026 18:46:19.140

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 02/01/2026 18:37:24
Aitor Bouza Manso na data 02/01/2026 18:37:31

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43917
Data envio: 02/01/2026 18:46:19.140

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 18:46:19**

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43918
Data envío: 02/01/2026 18:46:35.624

Grupo
Parlamentario
Socialista

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Os datos sobre a xestión da Lei de dependencia en Galicia confirman unha deriva que agrávase co paso do tempo. Tal e como manifestan desde o Colexio de Traballo Social, Galicia é neste momento a cuarta comunidade de España na que máis se tarda en resolver as solicitudes da Lei de Dependencia: 349 días de media de espera. Esta cifra só ten por diante ás comunidades de Andalucía, Madrid ou Murcia.

O substancial desta noticia é que a día de hoxe nunca se contaron con tantos recursos, aínda que o certo é que a mala xestión da Consellería de Asuntos Sociais aboca a estes resultados. A día de hoxe hai organismos na propia Consellería que se atopan baleiros de funcións e, nalgúns casos, freados por mor de non se sabe ben que reaxuste. Consorcio Galego de Servicios de Igualdade e Benestar Social, Axencia Galega de Servicios Sociais, e a propia Consellería actúan e funcionan sen que sigan ningunha planificación, como tantas veces temos reclamado desde o Partido Socialista: o Plan Estratéxico de Servicios Sociais, tal e como se contempla no artigo 45 da Lei de Servicios Sociais de Galicia.

Este tempo medio de tramitación experimentou unha subida respecto ao mes de xuño, na que o tempo de espera era de 342 días. E o plan de axilización non contou coa necesidade de presentar un informe de valoración, co cal, en moitos casos promovíase a entrega dun bono coidado.

Asinado o día 02/01/2026 ás 18:37
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 02/01/2026 ás 18:37
Por Silvia Longueira Castro

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nunca tantos recursos e nunca tan mal xestionados, tal e como afirman desde a presidencia do Colexio de Traballo Social. Isto leva aparellado que a construción de residencias de maiores por parte de entidades privadas e outorgadas á Xunta de Galicia para a súa xestión non teña unha planificación adaptada ás novas necesidades da poboación maior; que queren fuxir das macroresidencias. A Xunta de Galicia, con tal de paliar o problema da falta de prazas, acepta e adopta este tipo de residencia que exime ao goberno da súa construción.

Para evitar unha remodelación do SAF, con todo o que conleva desde adaptación a normativa de servizos até á aprobación de normas de protección e seguridade laboral das traballadoras, elixe entregar bonos coidados que apenas van a paliar a situación dos dependentes e exime a Xunta de realizar inspeccións, valoracións.

As listas de espera nos concellos, que están financiando á propia Xunta no SAF, son interminables. De xeito que só poden ser atendidos na maioría dos casos aqueles usuarios de grado 3, xa que a chegada semanal de novas solicitudes impide que os usuarios de grado 1 e 2 poidan contar coa axuda que solicitan, provocando situación de empeoramento.

Os ingresos por emerxencia sobrevida nas residencias de maiores, agardan até 2 meses en hospitais xa que non hai prazas dispoñibles; dándose situacións nas que os hospitais agardan a veces máis de 2 meses coa persoa usuaria ingresada á espera dunha praza de residencia.

CSV: BOPGDSPG-iT3n2n6sA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 43918
